



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE TRINTA E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E TRES
(ACTA NÚMERO 12)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres/as. Deputados/as:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

Secretaria:

D^a. Leticia Rodríguez Díaz

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **trinta e un de marzo de dous mil vinte e tres**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/ as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Secretaria- Interventora dona Leticia Rodríguez Díaz, e asiste a Interventora dona Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o señor Presidente don José Tomé Roca, o señor deputado don José Luis Raposo Magdalena e a señora deputada dona Mónica Freire Rancaño.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de marzo de dous mil vinte e tres que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO CORRESPONDENTE Ó DÍA SETE DE ABRIL DE 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Resultando que a sesión da Xunta de Goberno correspondente ao día sete de abril de 2023 coincide con día festivo, Venres Santo, e que, segundo o acordo adoptado na sesión extraordinaria do Pleno da Corporación de 30 de xullo de 2019, pasaría ao mércores día doce de abril, data que se achegaría ao día catorce de celebración da seguinte Xunta de Goberno.

Tendo en conta o anteriormente exposto, así como o sinalado no acordo do Pleno da Corporación na sesión extraordinaria de 30 de xullo de 2019, que sinala: “Réxime de sesións: Xunta de Goberno, os venres de cada semana ás once horas. De non celebrarse no día e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do mércores seguinte, e salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil. Todo elo sen prexuízo de que a Xunta de Goberno poida cambiar por acordo da



mesma o día e a hora da celebración das súas sesións, dando conta ó Pleno da Corporación, de conformidade cos arts. 100 e 101 do Regulamento Orgánico da Corporación”.

Logo de ver que as datas coinciden con diferentes turnos de vacacións de Semana Santa, e dado que non se prevé que poidan existir asuntos urxentes e, en caso de habelos, podería avocarse a competencia polo Sr. Presidente; proponse a non celebración da sesión correspondente ao día sete de abril, e polo tanto que a mesma non sexa convocada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO FESTIVAL DE MÚSICA *RESURRECTION FEST 2023*.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do patrocinio do Festival de música *Resurrection fest 2022*. 2022/CON_02/000031, consta no mesmo:

1.- Informe sobre o retorno económico, con CSV: IV7BGALCLQUSXCUJSYODIMJTOE.

2.-Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BGABCJTUO3DR6YVGWMPYRGY.

3.-Informe de insuficiencia de medios propios, con CSV: IV7BGAB3H745VH4T4IPNJYCXGQ.

4.- Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7BGABCDB74KWONW5WVD4SS7Y.

5.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7BGH2KIDZYVYNISJH4N73ACE.

6.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7OUTZLLIJC5KXTCZ6S64DFEM.

7.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7OUTZJNE6ZVJ6U5VB4L3A4Q.

8.- Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación do patrocinio do Festival de música *Resurrection fest* 2023. 2023/CON_02/000026.

2º.- Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e negociación, que se recollen tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e a satisfacción das necesidades que motivan a contratación.

O contrato adxudicarase mediante procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 2º, e 170 da LCSP , nos termos do artigo 131 da citada lei; de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan no PCAP.

3º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, mediante convite a *Old Navy Port Producciones*, S.L., con C.I. F. B-27740117, a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite ao licitador.

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 123.966,94 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 26.033,06 €, o que fai un total de 150.000,00 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP.



Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 4320.22602, do orzamento de gastos do 2023 por ese importe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 10 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento ao que prestou conformidade a Secretaría Xeral, do seguinte tenor literal:

“Antecedentes.

1.- Acordo da Xunta de Goberno relativo á adxudicación do Lote 10 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa Vazper3 S.L.

2. Formalización do contrato, datada o día 24 de xuño de 2021. CSV: IV7E4CZI3UXD6WODQZWRL7TTCQ.

3.- Escrito presentado o día 06 de marzo de 2023 (RXE nº 2021RPE003947) por D. Manuel Vázquez Pardo, en representación da mercantil Vazper 3 S.L. e D. José María Vázquez Piñeira, en nome propio, no que se interesa a cesión do lote 10 do contrato a favor de D. José María Vázquez Piñeira, con DNI N° ***6893**.

4.- Informe do Responsable do contrato do 07 de marzo de 2023, con CSV: IV7BEUH4Z4ULJ26KVUIU7YKBD4.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las



cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo.

Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”

Segunda.- No presente expediente, a cesión obedece a unha solicitude do contratista, dentro dunha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 30.1 do PCAP dispón o seguinte:

“Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.



b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal....”

Terceira.- Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos no apartado “R” do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (prezo e adscripción ao contrato de persoas maiores de 50 anos), circunstancias estas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Cuarta.- Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, suxeito a regulación harmonizada, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, segundo se recolle no Informe emitido polo Responsable do Contrato, con CSV: IV7BEUH4Z4ULJ26KVUIU7YKBD4.

Sexta.- Cúmrese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

“c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar”.

D. José María Vázquez Piñeira, acreditou a solvencia económica con carácter previo da adxudicación ao seu favor do lote 6 da referida contratación. No tocante á solvencia técnica recóllese no informe do Responsable do Contrato con CSV: IV7BEUH4Z4ULJ26KVUIU7YKBD4 que “(...) O cesionario D. José María Vázquez Piñeira, resultou adxudicatario do Lote 6 do contrato Desbroce de maleza en carrteras provinciais. Lotes 1 a 24. Expediente 2021/CON_02/000004. Lote 6. Concellos de A Pontenova, Riotorto e Pastoriza Cervantes e Pedrafita do Cebreiro, executando o mesmo a enteira satisfacción deste Responsable (...)”

Incorpórase ao expediente declaración responsable e certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétima.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia /clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.



O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.

Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

b) Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.

c) Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. O importe da garantía constituída ascende a 1.771,10 €.

Oitava.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Novena.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional,

sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión.

Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados, debendo completarse os trámites indicados e someterse á previa fiscalización.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Autorizar a cesión das prestacións comprendidas no lote 10 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais, a favor de D. José María Vázquez Piñeira, con DNI N° ***6893**, quedando pendente de executar a anualidade 2023 por importe de 42.860,71 €.

2º.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

- a) Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.
- b) Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 1.771,10 €.

3º.- A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DAS PRESTACIÓNS DETERMINADAS NO LOTE 15 DO CONTRATO DE SERVIZO DE DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento ao que prestou conformidade a Secretaría Xeral, do seguinte tenor literal:

“Antecedentes.

1. Acordo da Xunta de Goberno relativo á adxudicación do lote 15 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais a favor da empresa Contratas Ancar S.L.

2. Formalización do contrato, datada o día 23 de xuño de 2021. CSV: IV7E4CZZJYG56S5IWFUEGACPME.

3. Escrito presentado o día 19 de decembro de 2022 (RXE nº 2022RT017935) por D. Juan Carlos Alonso Fernández, en representación da mercantil Desbroces y Jardinería Ancares, S.L. e D. José Luis Bernal Suárez, actuando en nome da mercantil Contratas Ancar S.L., no que se interesa a cesión do lote 15 do contrato a favor de Desbroces y Jardinería Ancares S.L.

4. Informe do Responsable do contrato do 28 de marzo de 2023, con CSV: IV7BHULM3A4TLG5S4UQBJ53G6E.

Lexislación aplicable.

Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP).

Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLC).

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Restante normativa de xeral ou concordante aplicación.

Consideracións xurídico-administrativas.

Primeira.- A cesión dos contratos réxese polo disposto no artigo 214 da LCSP:

“1. Al margen de los supuestos de sucesión del contratista del artículo 98 y sin perjuicio de la subrogación que pudiera producirse a favor del acreedor hipotecario conforme al artículo 274.2 o del adjudicatario en el procedimiento de ejecución hipotecaria en virtud del artículo 275, la modificación subjetiva de los contratos solamente será posible por cesión contractual, cuando obedezca a una opción inequívoca de los pliegos, dentro de los límites establecidos en el párrafo siguiente.

A tales efectos, los pliegos establecerán necesariamente que los derechos y obligaciones dimanantes del contrato podrán ser cedidos por el contratista a un tercero siempre que las cualidades técnicas o personales del cedente no hayan sido razón determinante de la adjudicación del contrato, y de la cesión no resulte una restricción efectiva de la competencia en el mercado. Sin



perjuicio de lo establecido en el apartado 2, letra b), no podrá autorizarse la cesión a un tercero cuando esta suponga una alteración sustancial de las características del contratista si estas constituyen un elemento esencial del contrato.

Cuando los pliegos prevean que los licitadores que resulten adjudicatarios constituyan una sociedad específicamente para la ejecución del contrato, establecerán la posibilidad de cesión de las participaciones de esa sociedad; así como el supuesto en que, por implicar un cambio de control sobre el contratista, esa cesión de participaciones deba ser equiparada a una cesión contractual a los efectos de su autorización de acuerdo con lo previsto en el presente artículo.

Los pliegos podrán prever mecanismos de control de la cesión de participaciones que no impliquen un cambio de control en supuestos que estén suficientemente justificados.

2. Para que los contratistas puedan ceder sus derechos y obligaciones a terceros, los pliegos deberán contemplar, como mínimo, la exigencia de los siguientes requisitos:

a) Que el órgano de contratación autorice, de forma previa y expresa, la cesión. Dicha autorización se otorgará siempre que se den los requisitos previstos en las letras siguientes. El plazo para la notificación de la resolución sobre la solicitud de autorización será de dos meses, transcurrido el cual deberá entenderse otorgada por silencio administrativo.

b) Que el cedente tenga ejecutado al menos un 20 por 100 del importe del contrato o, cuando se trate de un contrato de concesión de obras o concesión de servicios, que haya efectuado su explotación durante al menos una quinta parte del plazo de duración del contrato. No será de aplicación este requisito si la cesión se produce encontrándose el contratista en concurso aunque se haya abierto la fase de liquidación, o ha puesto en conocimiento del juzgado competente para la declaración del concurso que ha iniciado negociaciones para alcanzar un acuerdo de refinanciación, o para obtener adhesiones a una propuesta anticipada de convenio, en los términos previstos en la legislación concursal.

No obstante lo anterior, el acreedor pignoraticio o el acreedor hipotecario podrá solicitar la cesión en aquellos supuestos en que los contratos de concesión de obras y de concesión de servicios

los pliegos prevean, mediante cláusulas claras e inequívocas, la posibilidad de subrogación de un tercero en todos los derechos y obligaciones del concesionario en caso de concurrencia de algún indicio claro y predeterminado de la inviabilidad, presente o futura, de la concesión, con la finalidad de evitar su resolución anticipada.

c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar.

d) Que la cesión se formalice, entre el adjudicatario y el cesionario, en escritura pública.

3. El cesionario quedará subrogado en todos los derechos y obligaciones que corresponderían al cedente.”

Segunda.- No presente expediente, a cesión obedece a unha solicitude do contratista, dentro dunha opción inequívoca dos pregos. A cláusula 30.1 do PCAP dispón o seguinte:

“Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro, sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado, de conformidade co artigo 214 da LCSP, cos seguintes requisitos:

a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Dita autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal deberá entenderse outorgada por silencio administrativo.

b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato ou, cando se trate dun contrato de concesión de obras ou concesión de servizos, que efectuase a súa explotación durante polo menos unha quinta parte do prazo de duración do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce estando o contratista en concurso, aínda que se



abrise a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal....”

Terceira.- Na presente contratación, as cualidades técnicas ou persoais do cedente non foron razón determinante da adxudicación do contrato, posto que se adxudicou o servizo de referencia en base aos criterios de adxudicación contidos no apartado “R” do cadro resumo do prego de cláusulas administrativas, é dicir: Criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (prezo e adscripción ao contrato de persoas maiores de 50 anos), circunstancias estas que non se ven afectadas de ser efectivamente realizada a cesión que solicita a adxudicataria.

Cuarta.- Da cesión non resulta ningunha restrición da competencia no mercado. A licitación tramitouse por un procedemento ordinario aberto, suxeito a regulación harmonizada, con división en lotes, cunha duración inferior á máxima permitida pola LCSP. As condicións da adxudicación mantéñense para o cesionario.

Quinta.- O cedente ten executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato, segundo se recolle no Informe emitido polo Responsable do Contrato, con CSV: IV7BHULM3A4TLG5S4UQBJ53G6E.

Sexta.- Cúmrese o preceptuado na letra c do artigo 214.2 da LCSP:

“c) Que el cesionario tenga capacidad para contratar con la Administración y la solvencia que resulte exigible en función de la fase de ejecución del contrato, debiendo estar debidamente clasificado si tal requisito ha sido exigido al cedente, y no estar incurso en una causa de prohibición de contratar”.

Desbroces y Jardinería Ancares, S.L. acredita a solvencia económica esixida no PCAP. No tocante á solvencia técnica recóllese no informe do Responsable do Contrato con CSV: IV7BHULM3A4TLG5S4UQBJ53G6E. que “(...) O cesionario Desbroces y Jardinería Ancares

S.L., resultou adxudicatario do Lote 16 do contrato desbroce de maleza en carreteras provinciais. Lotes 1 a 24. Expediente 2021/CON_02/000004. Lote 16. Concellos de Cervantes e Pedrafita do Cebreiro. (...)”

Incorpórase ao expediente declaración responsable e certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sétima.- A cesión do contrato vense configurando como un caso de novación modificativa subxectiva do contrato (artigo 1205 do Código civil), que ocorre pola subrogación dun terceiro na posición xurídica do contratista; este dende o momento de formalización en escritura pública da cesión, queda desligado do vínculo contractual coa administración, resultando substituído polo cesionario.

Esta cesión é un instrumento técnico que permite a circulación do contrato administrativo no tráfico xurídico.

A cesión do contrato subroga ao cesionario nos dereitos e obrigas, pendentes de devengo, do contratista cedente. A cesión non extingue o contrato, senón que solo modifica un dos suxeitos da relación.

O acordo de cesión é un negocio xurídico bilateral no que son parte o contratista e o terceiro (cesionario), sendo allea a administración, se ben debe autorizala.

No caso analizado o contrato é susceptible de cesión; a cesión non supón unha alteración substancial das características do contratista (o cesionario acredita aptitude e solvencia /clasificación); non se aprecia unha eventual restrición efectiva para o mercado.

O cedente executou máis do 20% do importe do contrato.

A cesión deberá formalizarse en escritura pública, entre o adxudicatario e o cesionario, toda vez que o pacto de cesión non é un contrato administrativo senón un negocio xurídico-privado.



Se non se outorga escritura pública non se entenderá producida a cesión do contrato, de modo que a administración contratante non terá ao cesionario como parte do contrato. O outorgamento desta escritura debe ir precedida da autorización da administración contratante.

Finalmente e en canto aos efectos, precísase:

a) Unha vez outorgada a escritura pública, previa autorización desta administración, o cesionario queda subrogado en todos os dereitos e deberes que corresponderían ao cedente. Cedente e cesionario deben entregar copia auténtica de escritura pública.

b) Dende o momento do outorgamento desa escritura pública a cedente desvinculase da administración contratante para este contrato e substitúese polo cesionario.

c) Dende esa data- de formalización de escritura pública- debe procederse a constitución da garantía polo cesionario, polo mesmo importe que a actualmente constituída. O importe da garantía constituída ascende a 1.450,55 €.

Oitava.- Respecto ao órgano competente, dado que se trata dunha modificación con normativa especial (novación modificativa subxectiva), con cambio da persoa contratista, de conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP número 202, de 3 de setembro de 2020).

Novena.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión.

Así pois a cesión do contrato enténdese axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a súa autorización baixo as consideracións e presupostos relacionados, debendo completarse os trámites indicados e someterse á previa fiscalización.

E canto procede informar, sen prexuízo e con sometemento a mellor criterio fundado en dereito.”

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordó:

1º.- Autorizar a cesión das prestacións comprendidas no lote 15 do contrato de servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais, a favor de Desbroces y Jardinería Ancares, S.L., quedando pendente de executar a anualidade 2023 por importe de 35.103,31 € (IVE incluído).

2º.- Requirir ao cesionario para que no prazo de dez días hábiles dende a notificación do presente acordo presente a seguinte documentación:

- a) Escritura pública de formalización da cesión entre o cedente e o cesionario.
- b) Resgardo acreditativo da garantía definitiva por importe de 1.450,55 €.

3º.- A eficacia da cesión queda condicionada ao cumprimento dos requisitos recollidos no punto 2 por parte do cedente e cesionario.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE E VIXILANCIA DOS DISTINTOS EDIFICIOS E DEPENDENCIAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 21 de marzo de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes:*

1. Informe relativo á necesidade da contratación, con CSV: IV7ATWI5DPUM4SFD5QHXARJ6GY¹.
2. Xustificación da non división en lotes, con CSV: IV7A437OF5BSR2BDCYPHH7XX6L.
3. Solicitude de consignación orzamentaria, con CSV: IV7A437PKBNSR7PNXRNCGFRACI.
4. Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7A47H2JP7CYT72UUNVHZLUMI.
5. Prego de prescricións técnicas, elaborado polo Encargado de Portería e Vixilancia, con CSV: IV7A47HSOAFZXC5D67YRPZRGCM.
6. Memoria xustificativa, elaborada polo Servizo de Vías e Obras, con CSV: IV7A4DJ63UPN5FBKTUUGEULTGA.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7A4DILFVE5TDZTWRFRF4D7H4.
8. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7A47PNPMFZ7CN6DVO5H3RR6E.
9. Informe xurídico complementario, con CSV: IV7A4DJY3QVCTHZ7WIGH4R2HOM.
10. Informe da Intervención Xeral, con CSV: IV7A4GPOBVJSJTZD2M5XP4CEKA.

¹ Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

11. Informe de fiscalización/intervención limitada previa do expediente, con CSV: IV7A4GPPFIWNXKBS2BXHC4ZHCQ.

12. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7A4GTSNMHPXXMJSEACCJCDKM.

13. Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de setembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7A4GX5NB6CJLNT43QWGV7KA.

14. Anuncio de licitación enviado ao Diario Oficial da Unión Europea o día 30 de setembro de 2022.

15. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 04 de outubro de 2022.

16. Acta da Mesa de Contratación do día 07 de novembro de 2022, con CSV: IV7A3SRS3NB3ZPOT4JWV65QBLV, na que se recolle o seguinte:

Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, e de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do Anexo I presentado polos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.
2.-CLECE SEGURIDAD
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A.
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.
6.- SASEGUR S.L.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma a súa proposta, a Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP, se ben o Presidente da Mesa de Contratación destaca as seguintes peculiaridades dos Anexos presentados:



Clece Seguridad, non autoriza á verificación directa das certificacións que se esixen de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Ilunion Seguridad, S.A., declara que deben terse por confidenciais os seguintes documentos: o contido da memoria técnica que se inclúe no sobre B.

Sasegur S.L. declara que os seguintes documentos da oferta deben ser considerados confidenciais:

Sobre: documentación técnica:

1- Calidad en el empleo_oferta de mejoras sociales o confidencial: 1 al 6.

2- Propuesta organizacion y prestacion del servicio o confidencial: 1 al 5 y del 8 al 26.
o No confidencial: 6 y 7.

Sobre: proposición económica:

Plan de formación: o Confidencial: 1 al 9 y 13 al 16.
o No confidencial: 10, 11, 12 y 17.

A Mesa de Contratación acorda proceder á apertura en acto público do sobre electrónico relativo aos criterios de adxudicación baseados en xuízos de valor.

No caso das ofertas técnicas presentadas polas empresas Alcor Seguridad, S.L., Clece Seguridad, Grupo Control Empresa de Seguridad S.A., Ilunion Seguridad, S.A. e Salzillo Seguridad S.A. queda contrastado pola mesa que ningunha das propostas presentadas excede do número máximo de páxinas recollido nos pregos reitores da contratación (25 páxinas excluída a portada e o índice).

Pola contra, a oferta técnica presentada por Sasegur S.L., non cumpre os límites fixados no PCAP:

“O licitador deberá presentar a oferta técnica por escrito e en formato dixital nun único ficheiro cunha versión en formato .pdf compatible co Adobe Acrobat Reader. A oferta do licitador deberá estar paxinada e conter un índice detallado. O tipo de fonte utilizado non poderá ser inferior aos 11 puntos e a extensión máxima da proposta técnica non poderá superar as 25 páxinas.”

A mercantil aporta dous ficheiros para oferta técnica, un primeiro ficheiro que consta de de 6 páxinas nomeado – calidad en el empleo_oferta de mejoras sociales e un segundo ficheiro de 26 páxinas nomeado propuesta organización y prestacion del servicio.

Tendo en conta o antedito, acórdase someter as ofertas técnicas presentadas a valoración e informe do servizo correspondente.”

17. Informe técnico con CSV: IV7BWSAMPAJM3BODUEAG477TEY.

18. Acta da mesa de contratación do día 16 de decembro de 2022, con CSV: IV7BQTACBMNYIS6YXVFHE5AX6M, na que se recolle o seguinte:

“Tómase a decisión, por unanimidade da Mesa, de analizar máis en profundidade o informe emitido polo órgano xestor quedando emplazados a convocar unha nova mesa.”

19. Informe de valoración das ofertas técnicas, con CSV: IV7B4LK2LIP3ZOZ2C5MX6DQFNY.

20. Acta da mesa de contratación do día 30 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7B6XL2ZZ4J5TOPDTXWIYDABY, na que se recolle o seguinte:

“O Presidente da conta do informe con CSV: IV7B4LK2LIP3ZOZ2C5MX6DQFNY, emitido polo Responsable II de Portería, Vixilancia e Seguridade Edificios Descentralizados, José Miguel Traseira González, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor das proposicións presentadas polas empresas licitadoras neste procedemento, atribuíndolles a seguinte puntuación:



LICITADORES	Mejoras sociales	Análisis de riesgos y amenazas	Medios Materiales	Medios humanos	Mejoras	Puntuación Total
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.	2,50	1,00	0,50	1,00	1,00	6,00 puntos
2.-CLECE SEGURIDAD, S.A.	2,50	3,00	4,00	2,50	2,50	14,50 puntos
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	0,00	3,00	3,00	2,00	4,00	12,00 puntos
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.	4,00	4,50	5,00	5,00	4,00	22,50 puntos
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.	2,50	3,00	3,00	4,00	2,00	14,50 puntos
6.- SASEGUR S.L.	3,50	5,00	2,00	1,00	0,00	11,50 puntos

A mesa de contratación acorda aceptar o informe avaliador dos criterios baseados en xuízos de valor, facelo seu e publicalo na Plataforma de Contratación do Sector Público e consecuentemente proceder á apertura dos sobres electrónicos das licitadoras admitidas, relativos aos criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, recollidos no PCAP, cos seguintes resultados:

LICITADORES	PREZO	BOLSA DE HORAS	FORMACIÓN
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.	2.861.650,00 €	2.000	2
2.-CLECE SEGURIDAD, S.A.	2.997.083,34 €	2.000	2
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	2.902.911,00 €	2.000	2
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.	2.952.182,76 €	2.000	2
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.	2.976.399,26 €	2.000	2
6.- SASEGUR S.L.	2.994.874,82 €	2.000	2
LICITADORES	NOTA CRITERIO PREZO	NOTA CRITERIO BOLSA DE HORAS	NOTA CRITERIO FORMACIÓN
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.	45,00	20	5
2.-CLECE SEGURIDAD, S.A.	42,97	20	5
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	44,36	20	5
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.	43,62	20	5
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.	43,27	20	5
6.- SASEGUR S.L.	43,00	20	5

A Mesa comprobou que ningún dos prezos está incurso en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa e acordou realizar a valoración das ofertas.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade outorgar as seguintes puntuación ás ofertas presentadas:

LICITADORES	SOBRE B	SOBRE C	TOTAL
1.-ALCOR SEGURIDAD, S.L.	6,00	70,00	76,00
2.-CLECE SEGURIDAD, S.A.	14,50	67,97	82,47
3.-GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	12,00	69,36	81,36
4.-ILUNION SEGURIDAD, S.A.	22,50	68,62	91,12
5.-SALZILLO SEGURIDAD S.A.	14,50	68,27	82,77
6.- SASEGUR S.L.	11,50	68,00	79,50

Polo antedito a mesa de contratación acorda, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia ponderación:

NÚMERO DE ORDE	LICITADOR	NOTAS
1	ILUNUM SEGURIDAD S.A.	91,12
2	SALZILLO SEGURIDAD S.A.	82,77
3	CLECE SEGURIDAD	82,47
4	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD S.A.	81,36
5	SASEGUR S.L.	79,50
6	ALCOR SEGURIDAD S.L.	76,00

2º.- Requerir á empresa Ilunium Seguridad S.A., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presenten, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADXUDICACIÓN (sen IVE)	IMPORTE DA GARANTÍA 5 %
2.439.820,46	121.991,02 €

(...)”

21. Resolución de Presidencia do 06 de febreiro de 2023, pola que se aproba a proposta da mesa de contratación do día 30 de xaneiro de 2023, se clasifica aos licitadores, e se require ao mellor clasificado a documentación á que fai referencia o artigo 150 da LCSP.

22. Requerimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 08 de febreiro de 2023.

23. Escrito presentado a través da sede electrónica da Deputación Provincial de lugo, pola empresa Salzillo Seguridad S.A. o día 03 de febreiro de 2023, con RXE: 2023RT001417



24. Escrito presentado a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo, pola Central Sindical Obrera Independiente o día 15 de febreiro de 2023, con RXE: 2023RPE002750.

25. Documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP, presentada pola empresa Ilunion Seguridad S.A. a través da plataforma de contratación do sector público o día 15 de febreiro de 2023.

26. Acta da mesa de contratación do día 17 de febreiro de 2023, con CSV: IV7B2XB6HVEMTRHI6MH5AH3WBY, na que se recolle o seguinte:

“O Presidente da conta dos escritos presentados pola mercantil Salzillo Seguridad S.A., con RXE: 2023RT001417 e pola central sindical CSOI, con RXE: 2023RPE002750, nos que se advirte que non consta inscrito en Rexistro Público o plan de igualdade da empresa mellor clasificada, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes e o Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro polo que regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real Decreto 731/2010, do 28 de maio sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Á vista dos escritos presentados, a mesa de contratación acorda – en aras de garantir o bo curso do procedemento e con independencia de que a inscrición no rexistro teña carácter declarativo ou constitutivo - requirir á empresa Ilunion Seguridad S.A. para que no prazo de cinco días hábiles remita acreditación documental sobre este extremo e/ou cantas alegacións mellor conveñan ao seu dereito.”

27. Requirimento de información adicional cursado á empresa Ilunion Seguridad S.A. o día 27 de febreiro de 2023, a través da plataforma de contratación do sector público e traslado á empresa dos escritos presentados polas empresas Salzillo Seguridad S.A. e Central Sindical Obrera Independiente.

28. Documentación presentada a través da plataforma de contratación do sector público pola empresa Ilunion Seguridad S.A., o día 06 de marzo de 2023, en resposta ao requirimento efectuado pola mesa de contratación.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 21 de marzo de 2023, unha vez estudado o contido dos escritos presentados polas empresas Salzillo Seguridad S.A. e Central Sindical Obrera Independiente - nos que se advirte que non consta inscrito en Rexistro Público o plan de igualdade da empresa mellor clasificada - comprobadas as manifestacións realizadas empresa Ilunion Seguridad S.A., e atendendo ás resolucións máis recentes emitidas polos tribunais de contratación pública (por todas Resolución 44/2023, do TACGAL e Resolución 1664/2022 do TACRC), conclúe que a inscrición do plan de igualdade no referido rexistro non ten carácter constitutivo, o que non imposibilita continuar co procedemento de contratación.

Acto seguido procédese a examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa de contratación. Incorpórase ao expediente bastanteo do poder do representante da empresa efectuado pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo, certificado de alta en IAE, certificado da Recadación Provincial e carta de pago da garantía depositada.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Ilunion Seguridad S.A., a contratación do servizo de vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, por un período de dous anos, polo importe de 2.439.820,46 euros, aos que haberá que engadir 512.362,30 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 2.952.182,76 euros; ofertando sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, unha bolsa de 2.000 horas de libre disposición (a maiores das 2.000 horas mínimas esixidas no PPT) e un plan de formación que comprende 2 cursos anuais cunha duración de 10 horas cada un.



Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa empresa Ilunion Seguridad S.A., a contratación do servizo de vixilancia dos distintos edificios e dependencias da Deputación Provincial de Lugo, por un período de dous anos, polo importe de 2.439.820,46 euros, aos que haberá que engadir 512.362,30 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 2.952.182,76 euros coa seguinte distribución por anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	ANO 2023	D	ANO 2024	D	ANO 2025	D
PAZO PROVINCIAL	9200.22701	263.713,76 €	92023/3010	395.570,63 €	920239/104	131.856,88 €	920239/104
SANTA MARIA	9200.22701	187.594,33 €	92023/3012	281.391,49 €	920239/106	93.797,16 €	920239/106
PAZO DOS DEPORTES	3420.22701	175.184,29 €	92023/3016	262.776,44 €	920239/108	87.592,15 €	920239/108
MUSEO PROVINCIAL	3330.22701	236.687,90 €	92023/3018	355.031,85 €	920239/110	118.343,95 €	920239/110
PAZO DE TOR	3332.22701	111.213,98 €	92023/3019	166.820,97 €	920239/112	55.606,98 €	920239/112
BOLSA MÍNIMA DE HORAS	9200.22701	9.666,67	92023/3043	14.500,00	920239/116	4.833,33	920239/116
TOTAL ANUALIDADES		984.060,93		1.476.091,38		492.030,45	
TOTAL CONTRATO				2.952.182,76 €			

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2023, pola cantidade de 984.060,93 €, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2024 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

Ofértase sen custe para a Deputación Provincial de Lugo, unha bolsa de 2.000 horas de libre disposición (a maiores das 2.000 horas mínimas esixidas no PPT) e un plan de formación que comprende 2 cursos anuais cunha duración de 10 horas cada un. O prezo/hora ofertado polo licitador é de 14,50 prezo/hora (IVE engadido)

2º.- A duración deste contrato é de dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas anuais. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, que se realizará unha vez formalizado o contrato. Prevéese o inicio da prestación o día 01 de maio de 2023.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DO SERVIZO DE VIDEOVIXIANCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 21 de marzo de 2023, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes:*



1.- Proposta de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7AHSHO3VOK53V7Q5E4AEC6ME.

2.- Prego de prescricións técnicas, elaborado polo Xefe da Sección de Mantemento, con CSV: IV7AGWIPPFESZJHJ4MQ4I47WAQ.

3.- Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7AHWDCLFO3XJH2RRMBH3TPEA.

4.- Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7AHWDYFRJTYVO3CJYWO4RTKE.

5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7AHWD7BLXMTGMJWYFAAEZFIQ.

6.- Informe de fiscalización/intervención limitada previa del expediente, con CSV: IV7AHWPOLDX6JPELWHVMA4L6EY.

7.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7AHX2NPNZCLZPDBUNEMZZBE4.

8.- Acordo da Xunta de Goberno de data 2 de decembro de 2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BU23KHLWSL5OCA37AJ4SW7Y.

9.- Anuncio de licitación publicado en Plataforma de Contratos del Sector Público, o 2 de decembro de 2022.

10.- Acta da Mesa de Contratación do día 20 de decembro de 2022, con CSV IV7BWG7CNBMMZTH2S3W44MYR6M, que acordou o seguinte:

“Pola Presidencia dase conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, e de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do Anexo I presentado polos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES
BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.
SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U.

Infórmase á Mesa de que, no caso da empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L., constan na Plataforma de contratos do sector público dúas sinaturas, unha con marca de error e outra correcta, polo que se acorda que polo Servizo de Contratación se incorpore ao expediente a confirmación da veracidade e vixencia da sinatura.

Tendo en conta o antedito, a Mesa de contratación acorda admitir as ofertas presentadas por todos os licitadores, procedendo acto seguido á cualificación dos sobres electrónicos que conteñen as declaracións de cumprimento de requisitos previos, co seguinte resultado: Os Anexos I presentados polas empresas axústanse aos requisitos recollidos no PCAP.

A Mesa de Contratación acorda proceder á apertura en acto público do sobre electrónico relativo aos criterios de adxudicación baseados en xuízos de valor.

Queda contrastado pola mesa que ningunha das propostas presentadas excede do número máximo de páxinas recollido nos pregos reitores da contratación (25 páxinas excluída a portada e o índice).

Tendo en conta o antedito, acórdase someter as ofertas técnicas presentadas a valoración e informe do servizo correspondente”.

11.- Informe técnico, de data 13 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7BSKC23RBIXGP73VGBIVKWB4.

12.- Acta da Mesa de contratación de 18 de xaneiro de 2023, con CSV IV7B4SYSZZNKWS7SAUPN63RTKA, que acorda o seguinte:

“Recibido informe do servizo correspondente, procédese a solicitar aclaración, co cal nunha próxima sesión procederase ao estudo do informe e apertura do sobre relativo aos criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas”.



13.- Informe técnico, de data 24 de xaneiro de 2023, con CSV: IV7B4AJNBJET5LRCY4N5KTSFME.

14.- Acta da Mesa de contratación de 30 de xaneiro de 2023, con CSV IV7B6XKPD4KYWN5WH5573TSCU, que acorda o seguinte:

“O Presidente, en acto público, da conta das conclusións dos informes con CSV: IV7BSKC23RBIXGP73VGBIVKWB4 e IV7B4AJNBJET5LRCY4N5KTSFME, emitidos polo Xefe da unidade de mantemento, en relación aos criterios baseados en xuízos de valor das proposicións presentadas polas empresas licitadoras neste procedemento, atribuíndolles a seguinte puntuación:

	BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U.
1. Memoria de traballo	3	2
2. Plan de traballo	1,5	3
3. Plan de control de calidade	2,5	2
4. Proposta de optimización dos sistemas de seguridade existentes	20	0
TOTAL	27 puntos	7 puntos

A Mesa acorda asumir como propio o informe emitido e proceder á apertura dos sobres electrónicos das licitadoras admitidas, relativos aos criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos, recollidos no PCAP, resultando que as licitadoras presentan as seguintes ofertas:

	BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U.
1. Oferta económica (IVE incluído).	61.589,00 euros (60,50 euros/acuda)	51.686,69 euros (42,35 euros/acuda)
2. Subministración e instalación de PC de posto de control no Palacio Provincial.	SI	SI
3. Subministración e instalación dunha botoneira no Palacio Provincial	SI	SI
4. Subministración e instalación de dúas cámaras IP no Palacio Provincial	SI	SI
5. Ampliación de posto de control con dous monitores no Museo Provincial	SI	SI
6. Subministración e instalación de dez cámaras analóxicas no Museo Provincial	SI	SI

Ao respecto da incidencia na sinatura reflectida na Plataforma de Contratos do Sector Público, a Mesa adopta idéntico criterio que na sesión de data 20 de decembro de 2022.

A Mesa comprobou que as ofertas económicas totais presentadas polas empresas non están incursas en oferta desproporcionada ou anormalmente baixa e acordou realizar a valoración das ofertas:

	BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U.
1. Oferta económica (IVE incluído).	33,57	40,00
2. Subministración e instalación de PC de posto de control no Palacio Provincial.	3,00	3,00
3. Subministración e instalación dunha botoneira no Palacio Provincial	5,00	5,00
4. Subministración e instalación de día cámaras IP no Palacio Provincial	7,00	7,00
5. Ampliación de posto de control con dous monitores no Museo Provincial	5,00	5,00
6. Subministración e instalación de dez cámaras analóxicas no Museo Provincial	10,00	10,00
PUNTUACIÓN CRITERIOS AVAILABLES AUTOMATICAMENTE	63,57	70,00
PUNTUACIÓN CRITERIOS SUXEITOS A XUÍZO DE VALOR	27,00	7,00
PUNTUACIÓN TOTAL	90,57 puntos	77,00 puntos

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.- Clasificar as ofertas admitidas atendendo á seguinte orde de importancia ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	BASTET SEGURIDAD TECNOLÓGICA S.L.	90,57 puntos
2	SEGURSYSTEM EUROPA S.L.U.	77,00 puntos

2º.- Requerir á empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.



IMPORTE DE ADXUDICACIÓN SEN IVE	5% GARANTÍA
50.900 euros	2.545 euros

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento”.

15.- Resolución de Presidencia de 2 de febreiro de 2023, con CSV IV7B663S3EEDZPH4AVITKIHV64, de clasificación e requirimento de documentación. O requirimento de documentación foi cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 3 de febreiro de 2023 e a documentación presentada pola empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L. por sede electrónica o día 15 de febreiro de 2023.

16.- Escrito presentado por sede electrónica, o 8 de febreiro de 2023 por Segursystem Europa S.L con RXE nº: 2023RT001701.

17.- Acta da Mesa de contratación de data 17 de febreiro de 2023, con CSV IV7B2XBTZYOKLNOTSVGQIEH6GE, que acorda o seguinte:

“O Presidente da conta aos asistentes de que a empresa clasificada en segundo lugar - Segursystem Europa S.L – presentou escrito con RXE nº: 2023RT001701, instando ao órgano de contratación a que proceda, segundo o establecido no artigo 150.2 da LCSP, a entender retirada a proposta da oferta presentada pola mercantil Bastet Seguridad Tecnológica S.L., por carecer de capacidade para participar no procedemento.

A mesa de contratación, en aras de preservar a garantía plena dos dereitos dos licitadores, acorda dar traslado á empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L. do escrito presentado, co obxecto de que no prazo de cinco días hábiles formule cantas alegacións considere pertinentes”.

18.- Escrito presentado por sede electrónica, de Segursystem Europa S.L., de data 2 de marzo de 2023, RXE: 2023RT002966, en relación co anterior, no que xunta Boletín R@S de la Unidad Central de Seguridad Privada de Policía Nacional de data 1 de marzo de 2023.

19.- Escrito presentado por sede electrónica, de Bastet Seguridad Tecnológica S.L., de data 2 de marzo de 2023, RXE: 2023RT002985.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 21 de marzo de 2023, unha vez estudado o contido dos escritos presentados pola empresa Segursystem Europa S.L., comprobadas as manifestacións realizadas pola empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L., e atendendo ás resolucións máis recentes emitidas polos tribunais de contratación pública (por todas Resolución nº 1661/2022 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, de 29 de decembro de 2022), conclúe que “é acorde á normativa en vigor a contratación con empresas so parcialmente autorizadas sempre que conste o compromiso de subcontratar a prestación da actividade non autorizada cunha empresa que posúa a pertinente habilitación”.

Acto seguido procédese a examinar a documentación do artigo 150 da LCSP. Infórmase que a licitadora presentou a través da sede electrónica da Deputación, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente escritura de constitución que obra no EXP0017SE18-ABO, consulta de depósito de contas de 2021 e carta de pago da Tesourería.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:



1º.- Adjudicar á empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L. a contratación do mantemento do servizo de videovixilancia da Deputación provincial de Lugo, 2022/CON_02/000078, polo importe de A cantidade de 50.900,00 euros, tendo en conta que a duración do contrato é de 2 anos, aos que haberá que engadir 10.689,00 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 61.589,00 euros, cun prezo unitario/acuda de 50 euros, aos que haberá que engadir 10,50 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 60,50 euros e coas melloras sen custe ofertadas.

No Palacio Provincial:

Subministro e instalación de PC de posto de control coas características detalladas máis abaixo, con dous monitores de 43" 4K e soportes abatibles para instalación en parede. A instalación dos monitores deberase facer usando soportes que permitan o seu desprazamento para dar accesibilidade a parte posterior dos mesmos para realizar tarefas de mantemento nos equipos que se ubicarán detrás destes. No PC deberase incluír a instalación do *software* necesario para a integración co *software* existente na actualidade e para a visualización das cámaras que se especifiquen dende a Deputación de Lugo. A instalación será chave en man, incluído o cableado, instalación e materiais necesarios para a posta en marcha.

Subministro e instalación dunha botoneira para apertura/peche da porta do garaxe oficial dende a ubicación desta (na parte posterior do Pazo) ata o Centro de Control. Así mesmo solicítase o subministro, instalación e configuración dun porteiro automático que permita a apertura desta porta desde o móbil do que dispón o persoal de seguridade, de igual maneira que se fai actualmente con outras dúas portas. Os traballos de canalización e cableado no edificio deberanse acometer atendendo as premisas marcadas polo departamento de mantemento.

Subministro e instalación de dúas cámaras IP dunha resolución mínima de 4Mpx, IP67, luz IR e función de analítica de vídeo integrable con gravador e *software* de posto de control existente. Disporá alo menos de funcións de analítica tales como: detección de movemento, detección de cruce de liña, entrada en rexión de interese, intrusión, vídeo támpér e clasificación humano/vehículo. Deberase incluír a canalización, cableado, así como todos os traballos e materiais precisos para a instalación das mesmas nos puntos definidos pola Deputación de Lugo, na

parte posterior do Palacio Provincial. Os traballos de canalización e cableado no edificio deberanse acometer atendendo as premisas marcadas polo departamento de mantemento.

No Museo Provincial:

Ampliación de posto de control con dous monitores de 43" 4K e soportes abatibles para instalación en parede. A instalación dos monitores deberase facer usando soportes que permitan o seu desprazamento para dar accesibilidade a parte posterior dos mesmos para realizar tarefas de mantemento nos equipos que se ubican detrás dos mesmos. Deberase realizar a instalación e configuración que se precise para a visualización das cámaras que se especifiquen dende a Deputación de Lugo. A instalación será chave en man, incluído o cableado, instalación e materiais necesarios para a postas en marcha.

Subministro e instalación de 10 cámaras analóxicas existentes por cámaras coas características mínimas expostas máis adiante. Subministro, instalación e configuración de dúas cámaras adicionais para a zona exterior do Museo. O adxudicatario deberá incluír os traballos de cableado necesario, así como todos aqueles de instalación e configuración precisas para a posta en marcha das mesmas, así como as ampliación dos equipos de gravación que sexan necesarias para o aloxamento das mesmas. A Deputación de Lugo indicarlle o adxudicatario as cámaras a substituír polas subministradas.

Con carácter previo á formalización do contrato, o adxudicatario deberá acreditar a subcontratación con terceiro habilitado, dentro do prazo conferido para a formalización.

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Bastet Seguridad Tecnológica S.L. a contratación do mantemento do servizo de videovixancia da Deputación provincial de Lugo, 2022/CON_02/000078, polo



importe de 50.900,00 euros, aos que haberá que engadir 10.689,00 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 61.589,00 euros, cun prezo unitario/acuda de 50 euros, aos que haberá que engadir 10,50 euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 60,50 euros, coa seguinte distribución por anualidades:

CENTRO	APLICACIÓN	TOTAL (2 anos)	2023 (8M)	D/	2024(12M)	D/	2025(4M)	D/
PAZO PROVINCIAL	9200.22701	4.911,28	1.637,09	92023/2867	2.455,64	920239/79	818,55	920239/79
FOGAR SANTA MARIA	9200.22701	4.262,59	1.420,86	92023/2868	2.131,30	920239/80	710,43	920239/80
PAZO DOS DEPORTES	3420.22701	3.576,86	1.192,29	92023/2869	1.788,43	920239/81	596,14	920239/81
MUSEO PROVINCIAL	3330.22701	9.451,84	3.150,61	92023/2870	4.725,92	920239/82	1.575,31	920239/82
TALLER DE CESTERIA	2413.22701	1.550,68	516,89	92023/2871	775,34	920239/83	258,45	920239/83
C.INTERP. TERRAS DO MIÑO	1729.22701	1.797,77	599,25	92023/2872	898,88	920239/84	299,64	920239/84
ARQ. E TALLERES MANTMO.	9200.22701	1.890,44	630,15	92023/2873	945,22	920239/85	315,07	920239/85
PARQUE MOBIL	9201.22701	8.685,89	2.895,30	92023/2874	4.342,95	920239/86	1.447,64	920239/86
MAZO SANTA COMBA	1729.22701	1.581,56	527,19	92023/2875	790,78	920239/87	263,59	920239/87
HOSPITAL SAN RAFAEL	9330.22701	3.990,86	1.330,29	92023/2876	1.995,43	920239/88	665,14	920239/88
EDIFICIO TIC	3240.22701	1.111,99	370,66	92023/2877	556,00	920239/89	185,33	920239/89
ESCOLA DE AUDIOVISUAIS	3240.22701	2.384,68	794,89	92023/2878	1.192,34	920239/90	397,45	920239/90
MUSEO SAN PAIO DE NARLA	3331.22701	2.261,10	753,70	92023/2879	1.130,55	920239/91	376,85	920239/91
MUSEO DO MAR	3333.22701	3.125,98	1.041,99	92023/2880	1.562,99	920239/92	521,00	920239/92
PAZO DE TOR	3332.22701	5.325,23	1.775,08	92023/2881	2.662,62	920239/93	887,53	920239/93
AUGASMESTAS	9330.22701	840,25	280,08	92023/2882	420,13	920239/94	140,04	920239/94
SERVIZO DE ACUDAS	9200.22701	4.840,00	806,66	92023/2883	2.420,00	920239/95	1.613,34	920239/95
SUMA		61.589,00	19.722,98		30.794,52		11.071,50	

Existe consignación nas Aplicacións Orzamentarias que se indican, do orzamento de gastos do 2023, pola cantidade de 19.722,98 €, para a anualidade 2023.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2024 e 2025 as cantidades indicadas, nas aplicacións sinaladas.

2º.- As melloras sen custe ofertadas pola empresa son as seguintes:

No Palacio Provincial:

Subministro e instalación de PC de posto de control coas características detalladas máis abaixo, con dous monitores de 43” 4K e soportes abatibles para instalación en parede. A instalación dos monitores deberase facer usando soportes que permitan o seu desprazamento para dar accesibilidade a parte posterior dos mesmos para realizar tarefas de mantemento nos equipos que se ubicarán detrás destes. No PC deberase incluír a instalación do *software* necesario para a integración co *software* existente na actualidade e para a visualización das cámaras que se especifiquen dende a Deputación de Lugo. A instalación será chave en man, incluído o cableado, instalación e materiais necesarios para a posta en marcha.

Subministro e instalación dunha botoneira para apertura/peche da porta do garaxe oficial dende a ubicación desta (na parte posterior do Pazo) ata o Centro de Control. Así mesmo solicítase o subministro, instalación e configuración dun porteiro automático que permita a apertura desta porta desde o móbil do que dispón o persoal de seguridade, de igual maneira que se fai actualmente con outras dúas portas. Os traballos de canalización e cableado no edificio deberanse acometer atendendo as premisas marcadas polo departamento de mantemento.

Subministro e instalación de dúas cámaras IP dunha resolución mínima de 4Mpx, IP67, luz IR e función de analítica de vídeo integrable con gravador e *software* de posto de control existente. Disporá alo menos de funcións de analítica tales como: detección de movemento, detección de cruce de liña, entrada en rexión de interese, intrusión, vídeo támara e clasificación humano/vehículo. Deberase incluír a canalización, cableado, así como todos os traballos e materiais precisos para a instalación das mesmas nos puntos definidos pola Deputación de Lugo, na parte posterior do Palacio Provincial. Os traballos de canalización e cableado no edificio deberanse acometer atendendo as premisas marcadas polo departamento de mantemento.

No Museo Provincial:

Ampliación de posto de control con dous monitores de 43” 4K e soportes abatibles para instalación en parede. A instalación dos monitores deberase facer usando soportes que permitan o seu desprazamento para dar accesibilidade a parte posterior dos mesmos para realizar tarefas de mantemento nos equipos que se ubican detrás dos mesmos. Deberase realizar a instalación e



configuración que se precise para a visualización das cámaras que se especifiquen dende a Deputación de Lugo. A instalación será chave en man, incluído o cableado, instalación e materiais necesarios para a postas en marcha.

Subministro e instalación de 10 cámaras analóxicas existentes por cámaras coas características mínimas expostas máis adiante. Subministro, instalación e configuración de dúas cámaras adicionais para a zona exterior do Museo. O adxudicatario deberá incluír os traballos de cableado necesario, así como todos aqueles de instalación e configuración precisas para a posta en marcha das mesmas, así como as ampliación dos equipos de gravación que sexan necesarias para o aloxamento das mesmas. A Deputación de Lugo indicarlle o adxudicatario as cámaras a substituír polas subministradas.

3º.- A duración deste contrato é de dous anos, con posibilidade de prórroga (1+1), sen que a duración total, incluídas prórrogas exceda dos 4 anos. Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato ou data indicada na mesma. Prevese o inicio da prestación o 1 de maio de 2023.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, , e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparelhada a suspensión da formalización.

7º.- Con carácter previo á formalización do contrato, o adxudicatario deberá acreditar a subcontratación con terceiro habilitado, dentro do prazo conferido para a formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ANEXO I SOBRE LIÑAS, ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS E CRÉDITOS INICIALMENTE DISPOÑIBLES PARA O EXERCICIO 2023, DERIVADA DA MODIFICACIÓN NOS CONCEPTOS DO ANEXO DE SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Aprobación da modificación do Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023, derivada da modificación nos conceptos do Anexo de subvencións nominativas do Orzamento da Deputación 2023.

Antecedentes:

Primeiro.- O 30 de decembro de 2022 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP núm. 298) a aprobación definitiva do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobado inicialmente polo Pleno, na sesión ordinaria celebrada o 29 de novembro de 2022, e elevada automaticamente a definitiva ao non presentarse alegacións, no que se inclúen os créditos dispoñibles e a relación de subvencións nominativas para dita anualidade.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o 20 de xaneiro de 2023 adoptou, entre outros, o acordo de aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións (Plan plurianual 2023-2025) da Deputación Provincial de Lugo, e o Anexo I sobre



liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023, no que constan, dentro das distintas liñas do PES 2023-2025, a relación de subvencións directas nominativas (perceptor, concepto, importe e aplicación orzamentaria) aprobadas polo Pleno para a anualidade 2023.

Terceiro.- O Pleno desta Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o 28 de febreiro de 2023 adoptou, entre outros, o acordo de “Aprobar a rectificación de erros materiais detectadas no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2023, relativas ao obxecto de varias subvencións nominativas das áreas de Promoción Económica e Social e Muller e Igualdade, de forma que, onde consta:

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
(...)			
ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA	PROGRAMA DONAS	8.000,00 €	2311.48900
(...)			
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER	ATENCIÓN PSICOSOCIAL AL PACIENTE ONCOLÓGICO E CARREIRA CONTRA O CANCRO	8.000,00 €	2314.48900
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER CHANTADA	SERVIZO DE TRANSPORTE PARA PERSOAS CON DIFICULTADE DE MOBILIDADE NA COMARCA DE CHANTADA	12.000,00 €	2314.48900
ARELA ASOCIACIÓN	PROGRAMA LECER INDIVIDUALIZADO PARA NENAS E NENOS ADOLESCENTES RESIDENTES NA CASA DE FAMILIA ARELA DE MONFORTE	5.000,00 €	2314.48900
			(...)

Debe constar:

PERCEPTOR	CONCEPTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
(...)			
ASOCIACIÓN ALIAD-ULTREIA	PROGRAMA TECENDO FUTURO	8.000,00 €	2311.48900
(...)			
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER	ATENCIÓN PSICOSOCIAL AO PACIENTE ONCOLÓXICO	8.000,00 €	2314.48900
ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER CHANTADA	PROGRAMA DE ATENCIÓN DIRECTA	12.000,00 €	2314.48900
ARELA ASOCIACIÓN	ATENCIÓN INDIVIDUALIZADA PARA AS NENAS, NENOS E ADOLESCENTES RESIDENTES NA CASA DE FAMILIA ARELA DE MONFORTE DE LEMOS	5.000,00 €	2314.48900
			(...)

Cuarto.- Tralo período de exposición pública do acordo inicial de rectificación, e non téndose presentado reclamacións á amentada rectificación da mesma, elevouse automaticamente a definitivo o citado acordo inicial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 25 de marzo de 2023 (BOP núm. 070).

Consideracións xurídico-administrativas:

Primeira.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas prevé que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou ariméticos existentes nos seus actos.

Neste caso, a rectificación de erros materiais no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2023, relativas ao obxecto de catro subvencións nominativas das áreas de Promoción Económica e Social e Muller e Igualdade, realizouse de oficio por parte desta Deputación Provincial.

Segunda.- O artigo 14.1 do R.D. 887/2006, prevé que a actualización dos plans estratéxicos realizarase anualmente de acordo coa información relevante dispoñible.

Neste sentido, o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2023-2025) prevé a súa actualización anual, de acordo coa información relevante dispoñible, de forma que en cada anualidade, tras analizar os informes de seguimento, e tendo sempre en conta as dispoñibilidades orzamentarias, se poidan modificar, substituír por outras ou eliminar liñas de subvencións; e sobre todo, precisar as contías en función da dispoñibilidade orzamentaria.

Polo tanto, en cada unha das anualidades que abrangue o plan, e trala aprobación do orzamento correspondente da entidade para a mesma, ou das posibles modificacións posteriores que se poidan realizar, aprobarase e incluírase un documento denominado Anexo I, a modo de actualización, que conterà as actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles en cada



unha, para cada unha das áreas organizativas e liñas de subvención que abrangue, e que se inclúen no PES.

O Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para a anualidade 2023 foi aprobado e incorporado simultaneamente co propio PES, tomando como base os datos do Orzamento desta Deputación Provincial aprobado.

A aprobación da rectificación de erros materiais no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2023, no que atinxe a catro subvencións directas nominativas das áreas de Promoción Económica e Social e Muller e Igualdade, conleva tamén que se modifique o Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para esta mesma anualidade, no mesmo sentido, ao recollese no mesmo as subvencións previamente aprobadas polo Pleno.

Terceira.- Para dar cumprimento aos principios de transparencia e publicidade previstos no artigo 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 13 do R.D. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, o PES, así como o Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023 foron publicados na páxina web da Deputación Provincial de Lugo, portal de transparencia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aplicándolle calquera outra disposición en materia de información e transparencia establecida na lexislación vixente en cada momento.

Polo tanto, en concordancia coa publicidade efectuada, debe publicarse nestes mesmos lugares o novo Anexo I sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para a anualidade 2023, no que consten as modificacións realizadas como consecuencia da rectificación de erros materiais no Orzamento desta Deputación Provincial para a anualidade 2023, no apartado das subvencións nominativas.

Cuarta.- En canto ao órgano competente para a aprobación da modificación do Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023, no que

atinxe a determinadas subvención directas nominativas, como consecuencia da aprobación da rectificación de erros materiais no Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para a anualidade 2023, correspóndelle á Xunta de Goberno, por ser este o órgano que aprobou no seu momento o Anexo I.

En resume, en base ao amentado, procede informar favorablemente a modificación do Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2023 desta Deputación Provincial, derivada da modificación nos conceptos do anexo de subvencións nominativas no Orzamento da Deputación para o ano 2023.

É canto procede informar, e que someto a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.”

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación a modificación indicada do Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente disponibles para o exercicio 2023 desta Deputación Provincial, cuxo documento queda redactado como se detalla a continuación.

2º.- Dispoñer a súa publicación na páxina web, portal de transparencia, do Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas (SNPSAP) – Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), así como no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.



Primeiro.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A) – Currelos (LU-611)”, P.K. 10+907 a 14+700.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 23/03/2023 na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BUH36ED7T6WBN5UP4H5TC6U².

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A) – Currelos (LU-611)”, P.K. 10+907 a 14+700, asinado por D. Héctor Diéguez Aranda.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7BU4POMFNJ33GDWANV6NKUOI.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BWSBNNVZP2WXMWX7FGBRBOQ.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7BWSB6N3X5L6HZ7UV4LYLXNY.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BWSI3P5ESXDB6CVYXADTFN4.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 16/12/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BWDBY35P34X4K2UXXYAPOA.

² Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

8. Publicación, o día 20/12/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 18/01/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7B4SYJ3D56RFOT2FNCEM7QCE.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7BYSXNABUCLRGJCYHTE7RPEA, reunida en acto público con data 08/02/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-. Detectados erros aritméticos, a mesa acorda a devolución do expediente para e emisión de informe aclaratorio de ditos erros e en relación cos medios materiais atribuíbles á execución da obra.

12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7B2EC6JIMZ7DEOAHQUF4TQ4A, reunida en acto público con data 28/02/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	3,75
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	8,75



DEPUTACIÓN DE LUGO

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

O SAVIÑO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4102 "FERREIRA (N-120A) – CURRELOS (LU-611)", P.K. 10+907 A 14+700
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO

CLASIFICACIÓN EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCIÓN:

121.197,92	
100.163,57	21.034,35

IVE. PARTIDA
INDEPEND

2 MESES

MAX
2.003,27 €

EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído - art 102) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		112.530,00 €	50	SI	500,00	14/0
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		121.016,12 €	0	NO	0,00	2/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)				OBJECTIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)		TOTAL
				PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA		
				OFERTA (INCLUIDO IVA)			TONELADAS A ESTENDER		SI /NO		MAXIMO 2% V.E.	2.003,27 €	SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
			PTOS	UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS				
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL		112.530,00 €	60,00	50,00	10,00	SI	5,00	500,00	5,00	3,75	83,75		
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SI		121.016,12 €	1,26	0,00	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	8,75	10,01		

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	112.530,00 €
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	121.016,12 €

BAIXA
96.812,90
90.024,00

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	83,75
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	10,01

b) Requerir á mercantil Fevisa Vías y Obras SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e qu e se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 4.650,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Por resolución da Presidencia de data 03/03/2023, con CSV: IV7B3S2PDZPJX7B524AFGTXAOM, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Fevisa Vías y Obras SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 06/03/2023, rematando o prazo de presentación o día 20/03/2023. A mercantil Fevisa Vías y Obras SL, presentou a documentación requirida o 16/03/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 23/03/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase



que a empresa Fevisa Vías y Obras SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Fevisa Vías y Obras SL con C.I.F. B-27276856 representada por D. Fernando José López Méndez con DNI ***6861**, a contratación da obra denominada O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A) – Currelos (LU-611)”, P.K. 10+907 a 14+700. (2022/CON_02/000080) nos termos seguintes:

Prezo de 112.530,00 €, dos cales 19.530,00€ corresponden ao IVE (21%).

Melloras de obra consistentes en 50 toneladas a estender a maiores das contempladas no proxecto, coas características indicadas no PCAP.

Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 500,00€ mais IVE.

Prazo de execución de 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e

posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Fevisa Vías y Obras SL con C.I.F. B-27276856 representada por D. Fernando José López Méndez con DNI ***6861**, a contratación da obra denominada O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 “Ferreira (N-120A) – Currelos (LU-611)”, P.K. 10+907 a 14+700. (2022/CON_02/000080) nos termos seguintes:

- a) Prezo de 112.530,00 €, dos cales 19.530,00€ corresponden ao IVE (21%).
- b) Melloras de obra consistentes en 50 toneladas a estender a maiores das contempladas no proxecto, coas características indicadas no PCAP.
- c) Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.



d) Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 500,00€ mais IVE.

e) Prazo de execución de 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos –perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 6+485 a 8+025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 23/03/2023 na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BUH3YPYX633FDARXVKVZRCY³.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 6+485 a 8+025, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7AGOL2LI5Y5K6NCU4UEQI7OU.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BWSBC2HZ67WWZUVUDIQUIKI.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7BWSBTBUJTTCPS6AYBEFLUIA.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BWSI4HTR67ROSUBUBMETOMM.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 16/12/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BWDBZEER5ZT5KY5A4AFZQII.

³ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



8. Publicación, o día 20/12/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 18/01/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7B4SYJJHUM5FHJQHVF67SUME.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adjudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7BYSXCPA4L7C5O6EOWGQCR44, reunida en acto público con data 08/02/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-. Detectados erros aritméticos, a mesa acorda a devolución do expediente para e emisión de informe aclaratorio de ditos erros e en relación cos medios materiais atribuíbles á execución da obra.

12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7B2EC3JJB4XCUMXQIAGVZ7II, reunida en acto público con data 28/02/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	3,75
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	8,75

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:

O SAVIÑO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5802 "PORTO – O CASAR – CÓRNEAS (LU-P-4102)", P.K. 6+485 A 8+025
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO
CLASIFICACION EXIGIDA:
PRAZO DE EXECUCION:

74.303,39
61.407,76
12.895,63

IVE. PARTIDA
INDEPEND

2 MESES

MAX 1.228,16 €

EMPRESAS / (GRUPO)			DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
				PREZO (IVE incluído .- art 102) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL			68.970,00 €	50	SI	300,00	14/0
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL			74.292,98 €	0	NO	0,00	2/0

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		OBJECTIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)	TOTAL
		PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTÍA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA	
		OFERTA (INCLUIDO IVA)		M ESTRADA PAVIMENTA E SINALIZAR		SI /NO		MAXIMO 2% V.E.		SEGUNDO INFORME TÉCNICO	
				PTOS	UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	68.970,00 €	60,00	50,00 €	10,00	SI	5,00	300,00	5,00	3,75	83,75
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	74.292,98 €	0,12	0,00 €	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	8,75	8,87

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	68.970,00 €
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	74.292,98 €

BAIXA
59.434,38
55.176,00

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:



a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)		TOTAL
1	FEVISA VÍAS Y OBRAS SL	83,75
2	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	8,87

b) Requerir á mercantil Fevisa Vías y Obras SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e qu e se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 2.850,00 euros, que supón o 5% do prezo de adxudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

14. Por resolución da Presidencia de data 03/03/2023, con CSV: IV7B3S2P3T7PTXJ56YXAKFIBDY, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Fevisa Vías y Obras SL, para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 06/03/2023, rematando o prazo de presentación o día 20/03/2023. A mercantil Fevisa Vías y Obras SL, presentou a documentación requirida o 16/03/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.

Reunida a Mesa o día de hoxe, 23/03/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase

que a empresa Fevisa Vías y Obras SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada, ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa fevisa Vías y Obras SL con C.I.F. B-27276856 representada por D. Fernando José López Méndez con DNI ****6861**, a contratación da obra denominada O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 6+485 a 8+025. (2022/CON_02/000081) nos termos seguintes:

Prezo de 68.970,00 €, dos cales 11.970,00€ corresponden ao IVE (21%).

Melloras de obra consistentes en 50 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características indicadas no PCAP.

Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 300,00€ mais IVE.

Prazo de execución de 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.



Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Fevisa Vías Y Obras SL con C.I.F. B-27276856 representada por D. Fernando José López Méndez con DNI ***6861**, a contratación da obra denominada O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-5802 “Porto – O Casar – Córneas (LU-P-4102)”, P.K. 6+485 a 8+025. (2022/CON_02/000081) nos termos seguintes:

- a) Prezo de 68.970,00 €, dos cales 11.970,00€ corresponden ao IVE (21%).
- b) Melloras de obra consistentes en 50 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características indicadas no PCAP.
- c) Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
- d) Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 300,00€ mais IVE.
- e) Prazo de execución de 2 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición as melloras de obra, aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta de adxudicación, se procede, da contratación da obra: MONTERROSO.- Rehabilitación de firme LU-P-3305 “Sastrexas (LU-640) – Ligonde”, P.K. 5+300 a 8+941.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:



“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 23/03/2023 na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“(…)

Antecedentes.

1. Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7BUHXTEAU6RON7SQX5F5T7CU⁴.

2. Proxecto técnico relativo ao procedemento de contratación das obras identificadas como: MONTERROSO.- Rehabilitación de firme LU-P-3305 “Sastrexas (LU-640) – Ligonde”, P.K. 5+300 a 8+941, redactado por D. Héctor Diéguez Aranda.

3. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7AGOL6NH4LXVP63U5CCZTG6Y.

4. Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV7BWSB2P5JM35O4UL5AIVTSCM.

5. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7BWSAJHIW4ZT6P2VFXLYT7EA.

6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7BWSP3DA7K3TXD5UG5N5QWMI.

7. Acordo da Xunta de Goberno, de data 16/12/2022, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas, o proxecto, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7BWDBYOB5T6HOSY4EK3S6EE.

8. Publicación, o día 20/12/2022, do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación d Sector Público.

⁴ Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

10. Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 18/01/2023, para apertura da documentación administrativa e oferta técnica con CSV: IV7B4SYJ3EEK3FH36ZOVIA3UKE.

De conformidade coa acta correspondente á sesión da Mesa de Contratación deuse conta das empresas presentadas á contratación do referido expediente.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procedeuse á apertura e exame dos sobres “documentación administrativa”, resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acordou admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procedeuse á apertura do arquivo “oferta técnica”, que unha vez abertos remitiuse ao Servizo de Vías e Obras para que foran revisados, analizados e valorados de acordo co establecido no PCAP.

11. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7BYSXDKFNMUXFD4BV5P7THE4, reunida en acto público con data 08/02/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-. Non obstante, a mesa acorda a devolución do expediente para e emisión de informe aclaratorio en relación cos medios materiais atribuíbles á execución da obra.

12. Acta da Mesa de Contratación, con CSV: IV7B2EC6JMFNZGZCUDUS5ZCPOI, reunida en acto público con data 28/02/2023, dando conta do informe do Servizo de Vías e Obras, en relación coa valoración da oferta técnica –criterio xuízo de valor-, do que resulta a seguinte puntuación:

EMPRESA	PUNTOS
EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	15,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	15,00
GRUPO BASCUAS 2008 SL	8,75
OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	8,75
OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	8,75

Así mesmo procedeuse á apertura das ofertas económicas, resultando:



DEPUTACIÓN DE LUGO

MONTERROSO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3305 "SASTREXAS (LU-640) – LIGONDE", P.K. 5+300 A 8+941
ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)

VALOR ESTIMADO
CLASIFICACION EXIGIDA:
PRAZO DE EXECUCION:

182.465,89	
150.798,26	31.667,63

IVE. PARTIDA
INDEPEND

2 MESES

MAX 3.015,97 €

EMPRESAS / (GRUPO)		DOC "A"	OBJETIVOS (80)				CRITERIO DESEMPATE
			PREZO (IVE incluído.- art 102) (60)	MELLORAS (...) (10)	AUMENTO PRAZO GARANTÍA 2 ANOS (5)	PROGRAMA DIVULGACIÓN (5)	Plantel / Discapacitados
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	169.632,01 €	0	SI	785,13	17/0
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	173.832,00 €	39,43	SI	785,13	192/3
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		182.465,89 €	0	SI	0,00	106/3
4	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		182.411,15 €	0	NO	0,00	2/0
5	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		182.105,00 €	0	SI	0,00	57/1

Tendo en conta o anterior, procedeuse á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra, incorporando a puntuación obtida na valoración dos criterios de adxudicación cuantificables mediante xuízo de valor. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			OBJECTIVOS (80)								XUÍZO DE VALOR - SUBJECTIVOS (20)		TOTAL
			PREZO (60)		MELLORAS (...) (10)		AUMENTO PRAZO DE GARANTIA 2 ANOS (5)		PROGRAMA DIVULGACIÓN OBRAS (5)		MEMORIA TÉCNICA		
OFERTA (INCLÚIDO IVA)		CUNETA REVESTIDA M		SI / NO		MAXIMO 2% V.E.		SEGUNDO INFORME TÉCNICO					
PTOS	UNIDADES	PTOS	SI/NO	PTOS	IMPORTE	PTOS	PTOS						
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	169.632,01 €	60,00	0,00 €	0,00	SI	5,00	785,13	5,00	15,00	85,00	
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	173.832,00 €	40,36	39,43 €	10,00	SI	5,00	785,13	5,00	15,00	75,36	
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL		182.465,89 €	0,00	0,00 €	0,00	SI	5,00	0,00	0,00	8,75	13,75	
4	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		182.411,15 €	0,26	0,00 €	0,00	NO	0,00	0,00	0,00	8,75	9,01	
5	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		182.105,00 €	1,69	0,00 €	0,00	SI	5,00	0,00	0,00	8,75	15,44	

De seguido, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

EMPRESAS		OFERTA
		Oferta
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A 169.632,01 €
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A 173.832,00 €
3	GRUPO BASCUAS 2008 SL	182.465,89 €
4	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL	182.411,15 €
5	OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU	182.105,00 €

MEDIA 179.153,51

BAIXA DESPROPORCIONADA 161.238,16

10% ARRIBA 197.068,86

Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo:
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL

Tendo en conta que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a Mesa acordou en dita sesión, por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

a) Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas, de acordo co artigo 150 da LCSP co seguinte resultado:

EMPRESAS / (GRUPO)			TOTAL
1	EXPLOTACIONES GALLEGAS SL	A	85,00
2	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	A	75,36
3	OVISÁ PAVIMENTOS Y OBRAS SLU		15,44
4	GRUPO BASCUAS 2008 SL		13,75
5	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA SL		9,01

b) Requerir á mercantil Explotaciones Gallegas SL para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, -sempre que no se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de contratistas de CCAA- e acredite a efectiva disposición dos medios mínimos establecidos no PCAP, e a constitución da garantía definitiva por importe de 7.009,59 euros, que supón o 5% do prezo de adjudicación, sen IVE, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

13. Por resolución da Presidencia de data 03/03/2023, con CSV: IV7B3S2MPJ7P3BMNCD5WK5IUMQ, clasificouse aos licitadores presentados e acordouse requirir á empresa Explotaciones Gallegas SL para que dentro do prazo de dez hábiles, presentara a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas, séndolle notificada á indicada mercantil, a través da Plataforma de Contratos do Sector público, o día 06/03/2023, rematando o prazo de presentación o día 20/03/2023. A mercantil Explotaciones Gallegas SL presentou a documentación requirida o 17/03/2023 a través da plataforma de contratos do sector público.



Reunida a Mesa o día de hoxe, 23/03/2023, ós efectos da valoración da documentación do artigo 150 da LCSP, remitida como contestación ó requirimento e a súa cualificación, compróbase que a empresa Explotaciones Gallegas SL presenta correctamente a documentación requirida, en tempo e forma.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles remitiu a documentación achegada, ao non facer observación algunha neste senso enténdese que a documentación presentada pola licitadora é correcta, polo que a mesa de contratación, considera cumprimentado correctamente o requirimento á mellor oferta, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Explotaciones Gallegas SL con C.I.F. B-15410608 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada MONTERROSO.- Rehabilitación de firme LU-P-3305 “Sastrexas (LU-640) – Ligonde”, P.K. 5+300 a 8+941. (2022/CON_02/000082) nos termos seguintes:

Prezo de 169.632,01 €, dos cales 29.440,27€ corresponden ao IVE (21%).

Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.

Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 785,13€ mais IVE.

Prazo de execución de 1 mes e 1 semana (2 meses previstos no proxecto – 3 semanas de redución segundo oferta técnica).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das

obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma”.

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización “de conformidade”, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Explotaciones Gallegas SL con C.I.F. B-15410608 representada por D. Alberto López Martín, con DNI ***4709**, a contratación da obra denominada MONTERROSO.- Rehabilitación de firme LU-P-3305 “Sastrexas (LU-640) – Ligonde”, P.K. 5+300 a 8+941. (2022/CON_02/000082) nos termos seguintes:

- a. Prezo de 169.632,01 €, dos cales 29.440,27€ corresponden ao IVE (21%).
- b. Aumento do prazo de garantía en 2 anos por enriba do obrigatorio.
- c. Programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 785,13€ mais IVE.



d. Prazo de execución de 1 mes e 1 semana (2 meses previstos no proxecto – 3 semanas de redución segundo oferta técnica).

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición o aumento do prazo de garantía; o programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, a achega o plan de seguridade e a constitución e pagamento da póliza todo riscos construción, de acordo e nos termos establecidos no PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

4º.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

5º.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proveerse da mesma antes da iniciación da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ourol para cooperar na “Reconstrucción de obra de paso en carretera municipal “Ponte de Betanzos A Borra” (rego da Veiga) y en carretera municipal “O Porcado” (rego innominado)” ano 2023.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Visto o escrito remitido dende o Concello de Ourol (EXP- 2023/PES_03/005617) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourol para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reconstrucción de obra de paso en carretera municipal “Ponte de Betanzos A Borra” (rego da Veiga) y en carretera municipal “O Porcado” (rego innominado)”, por importe total de 133.500,00 € (dos que 123.500,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo e 10.000,00 € polo Concello de Ourol), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emétese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

Consideracións xurídico administrativas.

Lexislación de réxime local.

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36,



letra d) da LRBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se llas encomenden.”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os



subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
 2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
- (...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

- “1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.



4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”.

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Conclusiones.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá

como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...”e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Ourela ostenta competencias propias, segundo o establecido no artigo 25.2. d da LRBRL, na seguinte materia: Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Terceira.- Existen títulos competenciais propios para articular e ordenar unha cooperación administrativa.

No convenio concretase o seu ámbito territorial e a entidade que debe asumir os seus resultados e reflicte o contido pautado no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP).

Cuarta.- O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídica pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídica privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co



interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que: “As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual: (...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Quinta.- Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

Sexta.- Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 123.500,00 €, na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.

Sétima.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

Así pois a proposta de aprobación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos polo que se informa favorablemente”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourela para a execución dos fins comúns consistentes en cooperar na “Reconstrucción de obra de paso en carretera municipal “Ponte de Betanzos A Borra” (rego da Veiga) y en carretera municipal “O Porcado” (rego innominado)” ano 2023, por importe total de 133.500,00 € cuxo contido é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Oulol para cooperar na “Reconstrucción de obra de paso en carretera municipal “Ponte de Betanzos A Borra” (rego da Veiga) y en carretera municipal “O Porcado” (rego innominado) ano 2023.

Reunidos.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, 27001, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra parte, don José Luís Pajón Camba, alcalde do Concello de Oulol, con N.I.F P-2703800I e sede na Estrada Xeral s/n, 27865, Oulol, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.



Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás

relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril. (...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”



A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é: “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”. En aplicación do artigo 36, letra d) da LBRL “a Deputación da soporte aos concellos para a tramitación de procedementos

administrativos e realización de actividades materiais e de xestión asumíndoas cando aqueles se lles encomenden.”

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración



admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

Primeira.- Obxecto.

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ourense en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
"RECONSTRUCCIÓN DE OBRA DE PASO EN CARRETERA MUNICIPAL "PONTE DE BETANZOS A BORRA" (REGO DA VEIGA) Y EN CARRETERA MUNICIPAL "O PORCADO" (REGO INNOMINADO)"	133.500,00 € (IVE engadido)

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
123.500,00 €	10.000,00 €
TOTAL: 133.500 €	

As achegas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula cuarta.

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actividade que é obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Ourense.

Terceira.- Obrigas e compromisos das partes.

3.1. Deputación Provincial de Lugo.

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula cuarta (123.500,00 €).

Difundir a cooperación de ambas entidades no formato máis adecuado (cartel ou dixital, banners ou semellantes), facilitadas e/ ou elaboradas polo Gabinete de Comunicación da Deputación.

En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.



3.2. O Concello de Oulol.

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Oulol, comprométese ao seguinte:

Achegar, para a execución do convenio, o importe previsto na cláusula cuarta e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Achegar os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente.

Asumir o custo do estudo xeotécnico.

Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.

Aportar tódolos terreos precisos, e procurar os permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución.

O prazo inicialmente previsto de execución é o 31 de maio de 2024. Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actividades obxecto deste convenio.

Difundir a colaboración prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo no baleirado das placas. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido o Concello, co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Cuarta.- Réxime económico.

Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 123.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2023 para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins de acordo coa actuación que figura na cláusula primeira.

2.- Achega do Concello:

O Concello de Ourol aportará para a execución do convenio 10.000,00 € e o importe que reste e sexa necesario para dar cumprimento ao fin común perseguido e á súa correcta execución.

Titularidade do resultado da cooperación.

O resultado da cooperación será do concello de Ourol.

Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que o concello de Ourol aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca inicialmente ata o 31 de xullo de 2024. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións das actividades realizadas.

Memoria económica xustificativa do custo das actividades obxecto deste convenio, que conterà:



Relación clasificada de gastos da actividade obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data pagamento.

Certificación expedida polo Interventor ou o Secretario do custo da actividade desenvolta, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actividade atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

Certificación expedida Interventor ou o Secretario de que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

Acta de recepción.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable do representante do Concello na que se faga constar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

Declaración do representante do Concello sobre as subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

Declaración responsable na que se faga constar que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Declaración responsable, emitida polo representante do Concello, na que se faga constar que a actividade realizada foi obxecto de cooperación coa Deputación Provincial de Lugo e que este extremo se inseriu na publicidade de tódalas actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade obxecto deste convenio.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Quinta.- Duración do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023 e manterase ata o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2025 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2024, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Sexta.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Sétima.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

Oitava.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan



xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

Velar polo cumprimento deste convenio.

Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.

Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.

Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Novena.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen da actividade ou actuación, o Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo, para o que é preciso solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial, que se compromete a entregalas; e a Deputación, pola súa parte, incorporará os que lle facilite aquel Concello.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

A Deputación e o Concello comprométense a difundir a actuación e a cooperación de ambas entidades no fin común perseguido.

Décima.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo primeira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións



(...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amigoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 9 páxinas, en triplicado exemplar, para un só efecto en lugar e data ut supra, do que como secretario que dou fe.

O PRESIDENTE
Asinado: José Tomé Roca

O ALCALDE DO CONCELLO DE OUROL
Asinado: José Luís Pajón Camba

O SECRETARIO XERAL,
Asinado: José Antonio Mourelle Cillero

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 123.500,00 € para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, con cargo a aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento xeral.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO USO DO INMOBLE PROVINCIAL SITUADO NO CONCELLO DE CASTRO DE REI DENOMINADO HOSPITAL DE SAN RAFAEL.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“En relación coa tramitación do procedemento de concesión demanial para o uso privativo a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones do edificio e as superficies linderas do que fora, ata principios do ano 2012, o denominado Hospital Psiquiátrico de San Rafael situado no concello de Castro de Rei e do que, sen uso determinado desde entón, consta as seguintes actuacións:

Primeiro. Acordo da Xunta de Goberno do 16.12.2022.

1º. Aprobar o texto do “Memorándum de Entendimiento entre el Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones y la Diputación de Lugo”.

2º. Iniciar a tramitación de cambio de titularidade dominical do Hospital Psiquiátrico “San Rafael” (referencia catastral 000900500PH27G0001XZ –Edificación) a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones”, de acordo coa lexislación patrimonial das entidades



locais, para a execución do Proxecto de Construción de Centro de Acollida de Protección Internacional.

O contido do Memorando consta no expediente.

Segundo. Acordo da Xunta de Goberno do 13.01.2023.

1º. Aprobar a posta a disposición dun total de 42.880 m² a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones integrados polo edificio denominado Hospital de San Rafael que se identifica co número de referencia catastral 000900500PH27G0001XZ cunha superficie de 14.873 m². E polas superficies que se corresponden coas porcións das parcelas catastrais coas referencias número 27010A219090040000PX con 526 m²/4.921m², número 27010A219000010000PL con 11.730 m²/336.491 m² e número 27010A219000020000PT con 15.751 m² /672.729 m² definidas na planimetría elaborada ao efecto.

2º. A posta a disposición queda vinculada a execución dun Proxecto de Construción dun Centro de Acollida de Protección Internacional nos citados inmobles provincial.

Terceiro. Acordo da Xunta de Goberno do 03.02.2023.

1º. Aprobar a reorganización dos bens inmobles sitos no Concello de Castro de Rei, de acordo co proxecto redactado pola Unidade de Proxectos.

2º. Incorporar ao Inventario de bens da Deputación Provincial á referida reorganización de bens.

Cuarto. Acordo do Pleno do 28.02.2023.

1º. A incorporación ao Inventario de Bens da Deputación de Lugo da Parcela 1R (Hospital) no Concello de Castro de Rei.

2º. Aprobar o inicio do procedemento conducente á concesión demanial do uso privativo a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones dun total de 42.880 m² de superficie provincial.

A denominada Parcela 1R, está integrada polo edificio denominado Hospital de San Rafael que se identifica co número de referencia catastral 000900500PH27G0001XZ cunha superficie de 14.873 m². E polas superficies que se corresponden coas porcións das parcelas catastrais coas referencias número 27010A219090040000PX con 526 m²/4.921m², número 27010A219000010000PL con 11.730 m²/336.491 m² e número 27010A219000020000PT con 15.751 m² /672.729 m² definidas na planimetría elaborada ao efecto e vinculado a execución dun Proxecto de Construción dun Centro de Acolida de Protección Internacional nos citados inmobles provincial.

Consta certificación da inscrición no Libro de Inventario Provincial expedida con data do 06.03.2023 baixo o CSV IV7BEWDYDPX7JJJNATYNCZR6AU no que, entre outro contido, consta a natureza xurídica do ben como ben de dominio público.

Consta no expediente un Certificado de Valoración de data 27.01.2023 asinado pola mercantil Taxo Valoración, SLU, no que, como conclusión ao informe de taxación realizado pola arquitecta dona Concepción Iglesias Piñeiro, certifica un valor de taxación: 3.025.828,76 € de conformidade cos seguintes datos:

Datos do inmovible.

Tipo de Inmovible: Edificio destinado a uso equipamento.

Situación: Av Terra Cha - Duarria 19.

Municipio: Castro De Rei Provincia: Lugo CP: 27269.

Datos rexistrals.

Rexistro de: Lugo Número: 2.

Tomo: 656.

Libro: 53.

Folio: 233.



Finca: 4345.

Referencias catastrais.

000900500PH27G0001XZ

27010A219090040000PX

27010A219000010000PL

27010A219000020000PT

Superficie adoptada.


Edificio: 10.857,00 m²

Terreo Non urbanizable: 42.880,00 m²

Fotografía.



Plano de situación.



Datos de la valoración.

Finalidade: Valor de mercado a data do informe.

Método utilizado: Método de comparación / Método del coste.

Valor de taxación: 3.025.828,76€.

Valor del 100,0000% do pleno dominio divisible: 3.025.828,76€.

Tres millóns vinte e cinco mil oitocentos vinte e oito euros con setenta e seis céntimos.

Consta o informe da Secretaría Xeral e da Sección de Patrimonio do 21.03.2023 no que baixo CSV IV7BG4KT3MPJ3H5L6IWSEMTSA4 sobre a articulación da utilización privativa mediante o outorgamento dunha concesión demanial do antedito inmovible provincial, para dar resposta e cobertura ao ministerio, a través da Secretaría de Estado de Migraciones (en adiante SEM), que traballa no Proxecto de Construción de novos Centros de Atención Humanitaria repartidos por toda España, enmarcado nos obxectivos do Plan de Recuperación de Transformación y Resiliencia presentado polo Goberno de España baixo o Compoñente 22 e Inversión 5 que se instrumentaliza cos Fondos Europeos de Recuperación Next Generation EU na procura de adaptar a capacidade de acollida de inmigrantes, solicitantes e beneficiarios de protección internacional mediante a creación de prazas en centro de titularidade pública que permitan pasar das 400 prazas do ano 2019 as 6.100 demandadas na actualidade, no que entre outro contido determina:

A devandita Parcela 1R, obxecto deste procedemento forman parte dunha única finca rexistral, denominada Finca de Castro de Rei con número 4345, (CRU:27013000036242) e descrita así: cruzada pola estrada provincial “Pontón de la Gulpilleira a Gontán”, con superficie de duascenas noventa hectáreas, que inclúe varias edificacións e linda ao norte, monte común de la Parroquia de Triaba, Sur, monte consorciado e repoboado, Leste, Límite municipio de Cospeito e Oeste, Monte común de Duarría. Polo tanto está pendente a regularización da concordancia catastral e rexistral desta nova parcela.

A condición do beneficiario representa un suposto excepcional de outorgamento directo da concesión demanial de uso gratuíto a favor doutra administración pública previsto no artigo 93.1 de contido básico da Lei 33/2003.



A pretendida concesión administrativa de dominio público non implica cesión do mesmo nin das facultades dominicais desta Deputación Provincial; que se outorgaría sen prexuízo de terceiro e deixando a salvo os dereitos preexistentes e con suxeición á normativa de aplicación e a o disposto no acordo que se asine ao efecto, cuxo texto consta incorporado como Anexo.

A concesión do uso privativo poderá ser gratuíta e non estará suxeita a taxa cando a utilización privativa do ben de dominio público no leve aparellada unha utilidade económica para o concesionario e a determinación do prazo encontra un límite máximo de 75 anos no contido na Lei 33/2003 LPAP que no seu articulado básico do artigo 93.

Pola condición de administración pública do concesionario, aplicarase a exención da esixencia de constituír garantía definitiva no outorgamento da concesión demanial de bens de dominio público prevista a teor do disposto no artigo 12 da lei 52/1997 de 27 de novembro de Asistencia xurídica ao Estado e Institucións Públicas.

Unha vez concluído o procedemento de adxudicación da concesión demanial procederase a súa formalización en documento administrativo que incluírá as cláusulas ou condicións xerais segundo ás que se outorga a concesión demanial e que están incorporadas como Anexo a este informe.

E conclúe que, o presente procedemento tramitado para o uso privativo da parcela provincial denominada Parcela 1R (Hospital) no Concello de Castro de Rei mediante o outorgamento dunha concesión demanial de carácter gratuíta a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, e no seu caso a Secretaría de Estado de Migraciones, coa finalidade da execución dun Proxecto de Construción dun Centro de Acollida de Protección Internacional que se integrará no desenvolvemento e xestión do sistema nacional de acollida integral e inclusión de solicitantes de asilo, refuxiados e outros beneficiarios de protección internacional, adecúase á lexislación vixente xunto coas súas cláusulas reitoras, que constan incorporadas como Anexo.

Forma parte do expediente o informe da Intervención Provincial do 24.03.2023 baixo o CSV IV7BGLR4HZO3TFG3UIF44YHSGE que conclúe que non se manifesta inconveniente a tramitación do expediente do procedemento de aprobación de concesión demanial para a utilización privativa do ben de dominio público denominado “Parcela1R (Hospital) no Concello de Castro de Rei” a favor do ao Ministerio de Inclusión,Seguridade Social e Migracións (...).

Tendo en conta o contido o número 9 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de contratos do sector público en relación co disposto no art.59.b.11 do Regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno por Delegación do Presidente:

1º.- Aprobar a concesión demanial gratuíta do uso da seguinte parcela provincial a favor do Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones, e no seu caso a Secretaría de Estado de Migraciones por un prazo de 75 anos:

Parcela 1R (Hospital) no Concello de Castro de Rei.

Superficie total: 42.880 m²:

000900500PH27G0001XZ - 14.873 m²

27010A219090040000PX - 526 m²

27010A219000010000PL - 11.730 m²

27010A219000020000PT - 15.751 m²

Coordenadas segundo o Sistema de referencia ETRS89, coordenadas U.T.M. huso 29:

X= 623330.44 Y= 4779195.93

2º.- Aprobar o texto do acordo no que se incorporan as anteditas disposicións reguladoras da presente concesión demanial de uso.

3º.- Formalizar a presente concesión demanial mediante a sinatura do referido acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA AMPLIACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RÍO RATO.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Antecedentes.

Con data de 9 de xullo de 2020 publicouse no BOP de Lugo nº 156 o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo co obxectivo de aportar unha normativa sobre o uso e as autorizacións das hortas xestionadas actualmente polo Servizo de Medio Ambiente da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Ese mesmo ano realizouse a primeira convocatoria de autorizacións de uso dos hortos (1ª Fase) para usuarios que xa desfrutaran con anterioridade dun Horto no río Rato ou en Paradai (BOP nº 264, de 17 de novembro de 2020).

A vista das solicitudes presentadas polos interesados, usuarios dos Hortos urbanos do río Rato, que foron adxudicatarios de autorizacións da 1ª Fase, concedidas mediante acordo da Xunta de Goberno, celebrada en sesión ordinaria de 5 de marzo de 2021, na que solicitan a ampliación das autorizacións concedidas e asinadas con data de 23 de marzo de 2021, por un período de 2 anos, e que a continuación se indican:

Nº Horto	Nome	Apelidos	EXPEDIENTE
2	Sabela	Luengos García	2023/PES_03/005083
4	Cristóbal	Cuyar Fonteboa	2023/PES_03/005053
5	Asociación	ALUME	2023/PES_03/005050
6	Mª Teresa	López López	2023/PES_03/005006
7	Celia	Martínez López	2023/PES_03/005054
8	Alfredo	Liz Busto	2023/PES_03/005428
9	Ananías	González Sánchez	2023/PES_03/004508
11	Laura	Álvarez González	2023/PES_03/005319
12	María Yolanda	Fernández Álvarez	2023/PES_03/005356
13	Maria del Carmen	Pena Riveiro	2023/PES_03/005131

Nº Horto	Nome	Apellidos	EXPEDIENTE
15	Claudia Patricia	Leaño Ariza	2023/PES_03/005072
17	Montserrat	Rodríguez Losada	2023/PES_03/005409
19	Manuel	Rodríguez Varela	2023/PES_03/005059
20	Mª Teresa	Bello Díaz	2023/PES_03/005146
21	Rodrigo	Rodríguez González	2023/PES_03/005073
22	Ana Isabel	García López	2023/PES_03/005214
24	Xabier	Gómez Santiso	2023/PES_03/005005
26	Diego	Fernández García	2023/PES_03/005062
28	Richard William	Clarke	2023/PES_03/005427
29	Isabel	Castro Arza	2023/PES_03/005014
30	Mª Angeles	Álvarez Díaz	2023/PES_03/005112
34	Josefa Candelaria	Coaguila Ríos	2023/PES_03/005491
35	Isolina	Rodríguez López	2023/PES_03/005047
37	Luis	Aldeanueva Portel	2023/PES_03/005152
38	Emilio	Arias Arias	2023/PES_03/005198
39	Roberto	De Francesco	2023/PES_03/005400
40	Lidia Gema	Sendon Esperante	2023/PES_03/005045
41	Maria Celia	López García	2023/PES_03/005431
42	Mª Luz	Díaz Grandas	2023/PES_03/005229
43	Sergio	Llenderozas González	2023/PES_03/005069
44	Ángeles	Martínez Gaute	2023/PES_03/005108
47	Mercedes	Pérez Rigueiro	2023/PES_03/005283
48	Estefanía	Coaguila Ríos	2023/PES_03/005637
49	Antonio	González López	2023/PES_03/005047
50	Antonio	Álvarez López	2023/PES_03/005509
52	Miguel Ángel	Curiel Núñez	2023/PES_03/005372
54	Asociación	Aliad Ulteira	2023/PES_03/005022
57	Nieves	Álvarez Llano	2023/PES_03/005015
58	Ana	Guillen García	2023/PES_03/005224
60	Carolina	Pérez Pérez	2023/PES_03/005277
63	Berta	Fernández Abelairas	2023/PES_03/005143

Vistos os informes emitidos polo servizo de Medio Ambiente con CSV:IV7BGHYZBNHTV26SQ3U4APTX4Q e pola Sección de Patrimonio da Deputación de Lugo, con CSV: IV7BGALM3UXZZ3VYQFNHMEXOKY, favorables a acordar a prórroga das autorizacións concedidas por un prazo de 2 anos.

En base ao establecido no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo no seu apartado XI. Órganos competentes “Punto 32. En materia



relativa á adxudicación dos hortos ou demais acordos que se poidan acadar, o órgano competente será sempre a Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo” e segundo o anteriormente exposto proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- A ampliación das Autorización de uso concedidas na primeira Fase, aos interesados que así o solicitaron, e que se relacionan a continuación, por un período de 2 anos improrrogables, ata o día 23 de marzo de 2025;

Nº Horto	Nome	Apelidos	EXPEDIENTE
2	Sabela	Luengos García	2023/PES_03/005083
4	Cristóbal	Cuyar Fonteboa	2023/PES_03/005053
5	Asociación	ALUME	2023/PES_03/005050
6	Mª Teresa	López López	2023/PES_03/005006
7	Celia	Martínez López	2023/PES_03/005054
8	Alfredo	Liz Busto	2023/PES_03/005428
9	Ananías	González Sánchez	2023/PES_03/004508
11	Laura	Álvarez González	2023/PES_03/005319
12	María Yolanda	Fernández Álvarez	2023/PES_03/005356
13	Maria del Carmen	Pena Riveiro	2023/PES_03/005131
15	Claudia Patricia	Leaño Ariza	2023/PES_03/005072
17	Montserrat	Rodríguez Losada	2023/PES_03/005409
19	Manuel	Rodríguez Varela	2023/PES_03/005059
20	Mª Teresa	Bello Díaz	2023/PES_03/005146
21	Rodrigo	Rodríguez González	2023/PES_03/005073
22	Ana Isabel	García López	2023/PES_03/005214
24	Xabier	Gómez Santiso	2023/PES_03/005005
26	Diego	Fernández García	2023/PES_03/005062
28	Richard William	Clarke	2023/PES_03/005427
29	Isabel	Castro Arza	2023/PES_03/005014
30	Mª Angeles	Álvarez Díaz	2023/PES_03/005112
34	Josefa Candelaria	Coaguila Ríos	2023/PES_03/005491
35	Isolina	Rodríguez López	2023/PES_03/005047
37	Luis	Aldeanueva Portel	2023/PES_03/005152
38	Emilio	Arias Arias	2023/PES_03/005198
39	Roberto	De Francesco	2023/PES_03/005400
40	Lidia Gema	Sendon Esperante	2023/PES_03/005045
41	Maria Celia	López García	2023/PES_03/005431
42	Mª Luz	Díaz Grandas	2023/PES_03/005229
43	Sergio	Llenderozas González	2023/PES_03/005069
44	Ángeles	Martínez Gaute	2023/PES_03/005108

Nº Horto	Nome	Apelidos	EXPEDIENTE
47	Mercedes	Pérez Rigueiro	2023/PES_03/005283
48	Estefanía	Coaguila Ríos	2023/PES_03/005637
49	Antonio	González López	2023/PES_03/005047
50	Antonio	Álvarez López	2023/PES_03/005509
52	Miguel Ángel	Curiel Núñez	2023/PES_03/005372
54	Asociación	Aliad Ulteira	2023/PES_03/005022
57	Nieves	Álvarez Llano	2023/PES_03/005015
58	Ana	Guillen García	2023/PES_03/005224
60	Carolina	Pérez Pérez	2023/PES_03/005277
63	Berta	Fernández Abelairas	2023/PES_03/005143

2º.- A ampliación da Autorización de uso atopase en todo caso condicionada ao mantemento dos condicionantes establecidos no Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación provincial de Lugo (BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020) e aos establecidos na convocatoria inicial (1ª Fase), manténdose inalteradas as obrigas das partes. Isto implica que a Deputación de Lugo poderá revocar unilateralmente a Autorización concedida por razóns de interese público ou polo incumprimento dos condicionantes establecidos no Regulamento que rexe o funcionamento dos Hortos.

3º.- Notificar aos interesados indicados no punto primeiro, o outorgamento da ampliación da Autorización de uso dos Hortos que teñen concedida, nos termos anteriormente propostos, indicando que, salvo renuncia expresa no prazo de un mes, aceptan a ampliación cos condicionantes incluídos no presente acordo e nos informes precedentes.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIONS DE MEDIO RURAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Medio Rural do Mar e Mocidade, do seguinte teor:



“En relación coa convocatoria e bases que canalizarán as subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas”, na anualidade 2023, dende á Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade emitíuse, o 29 de marzo de 2023, informe do seguinte teor:

“Antecedentes.

Primeiro.- Tal e como reconece a Exposición de Motivos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS):

“Unha parte importante da actividade financeira do sector público canalízase a través das subvencións, co obxecto de dar resposta, con medidas de apoio financeiro, a demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas e privadas.

(...).

A austeridade no gasto corrente, a mellor selección das políticas poñendo o énfase nas prioridades de gasto, así como o incremento do control e da avaliación, reduciron paulatinamente as necesidades de financiación do sector público e ampliaron as posibilidades financeiras do sector privado, con efectos dinamizadores sobre a actividade, o crecemento, o desenvolvemento económico, e sobre a creación de emprego.

(...).

Un dos principios que rexe a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, (...), é o da transparencia. (...).

Esta maior transparencia, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficiencia e eficacia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puideran afectar ao mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Nesta liña de mellora da eficacia, a lei establece igualmente a necesidade de elaborar un plan estratéxico de subvencións, que introduza unha conexión entre os obxectivos e efectos que se

pretenden conseguir, cos custos previsibles e as súas fontes de financiación, co obxecto de adecuar as necesidades públicas a cubrir a través das subvencións con as previsións de recursos dispoñibles, con carácter previo ao seu nacemento e de forma plurianual.

Segundo.- En cumprimento deste mandato, a Deputación Provincial de Lugo aprobou, por Acordo da Xunta de Goberno do 20 de xaneiro de 2023, o Plan Estratéxico de Subvencións 2023-2025 (PES).

Na Liña 13.1- Agricultura, gandería e pesca, do PES, está previsto, como obxectivo estratéxico, a promoción do desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro e forestal, como sectores estratéxicos da economía da provincia, co fin último de propiciar as condicións óptimas para que se produza unha fixación real da poboación no medio rural.

Asemade, na dita Liña están previstos, como obxectivos específicos, a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de:

Mellora da competitividade das granxas e explotacións agrogandeiras, dos seus produtos e dos seus respectivos transformados ou elaborados.

Promoción e posta en valor dos nosos produtos agrícolas e gandeiros.

Promoción de accións encamiñadas a que os mozos do rural adquiran unha maior autoestima.

Dignificar e poñer en valor o traballo dos nosos agricultores, con visitas guiadas dos rapaces das escolas, para que poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade, do territorio, da paisaxe e da tradición agraria.

Fomento da diversificación produtiva e promoción e difusión das pequenas producións agrarias artesanais e/ou tradicionais, que permitan xerar ingresos por rendas complementarias ao fronte das granxas.

Redución ou minimización dos problemas da crise demográfica existentes en gran parte do territorio rural da Provincia, que estean ligados ás limitacións na xeración de valor pola agricultura e a gandería e que precisan dunha diversificación e xeración de novas actividades nestas zonas.

Desenvolvemento de vínculos entre o mundo do traballo, a educación e a formación, o que garantirá a incorporación de novos agricultores e gandeiros.



Apoio ás accións formativas específicas das profesións relacionadas cos sectores citados, que contribúan á promoción do relevo xeracional.

Terceiro.- Consonte á Base 24ª.3, das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para o exercicio 2023, a xestión e concesión de subvencións deberá realizarse de acordo aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Cuarto.- Tendo en conta o anterior, por parte da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade promóvese a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da escola á granxa”, para o cal se redactan as súas bases canalizadoras e se elaboran os anexos que constitúen os seus modelos normalizados de solicitude e xustificación.

As ditas bases inclúen a motivación desta acción de fomento nos termos da súa exposición de motivos:

“A educación ambiental propón un gran obxectivo para a escola: capacitar aos nenos e nenas na análise da súa realidade e actuar de forma reflexiva, valorando a repercusión das accións no medio”.

Esta declaración de Alejandro Tiana Ferrer, Secretario de Estado de Educación, é unha clara expresión do valor e o papel que a educación ambiental desempeña a nivel global na nosa sociedade e, en especial, na mocidade. Neste particular, resulta indispensable o traballo fóra da aula para que as novas xeracións comprendan e se sensibilicen coa realidade actual.

Asemade, non hai dúbida de que unha visita a unha granxa é un excelente recurso educativo, xa que ofrece un gran valor social e didáctico, mediante a realización de actividades axeitadas e adaptadas aos/ás nenos/as, desenvolvendo varios dos obxectivos propostos na educación infantil.

As ditas visitas son moi beneficiosas, xa que nelas pódense experimentar, en primeira persoa e de xeito impactante, moitos aspectos da contorna natural e dos seres vivos que nos rodean. O/a neno/a ve de primeira man todo o que desde a escola non pode aprender sen unha experiencia de observación na que entra en contacto directo coa realidade.

Polo tanto, a realización dunha saída a unha granxa resulta interesante, relevante e beneficiosa para o alumnado, podéndolle amosar e facilitándolle coñecer o seu propio medio, as características dos cultivos implantados na súa contorna e dos animais que viven nela, o seu comportamento e os seus coidados, así como coñecer e poñer en valor as actividades, usos e costumes que de forma tradicional se foron realizando na contorna rural.

Por maior abastanza, nun contexto como o actual, condicionado pola crise da Covid-19, resulta fundamental darlle apoio ao sector primario mediante a posta en valor e a promoción dos produtos de proximidade e de calidade que xeran, como estratexia para avanzar cara a unha meirande soberanía alimentaria.

A educación e concienciación dos/as nenos/as e mozos/as tamén encaixa dentro deste obxectivo, achegándoos a contornas onde se realizan actividades agrícolas e gandeiras, permitíndolles un maior coñecemento e valorización do sector primario, así como das producións locais.

Doutra banda, a diversificación da obtención de ingresos co desenvolvemento de actividades educativas por parte das explotacións agrarias é outro dos obxectivos da política agraria europea, coherente á súa vez co obxectivo de diversificar e complementar a oferta das explotacións, a través de subprodutos e a vinculación do sector coa paisaxe e o turismo.

Por estas razóns, resulta fundamental a existencia de explotacións agrícolas e gandeiras que aborden tarefas de educación da poboación provincial, e mesmo se especialicen nese labor, constituíndose en elemento de unión do rural coa mocidade, dedicadas a ofrecer servizos educativos relativos ás actividades agropecuarias vencelladas ao sector primario da provincia de Lugo.



Asemade, a comunidade educativa demanda a diversificación dos servizos ofrecidos, de xeito que se constitúan en elemento innovador para dotar aos docentes de ferramentas axeitadas e subministren aos mozos unha formación motivadora e de calidade. Ademais, os servizos dirixidos á comunidade educativa adoecen dun custo ás veces demasiado elevado, o que pode determinar un prezo do servizo disuasorio para os grupos de escolares.

Ademais disto, existe unha idea negativa respecto aos espazos rurais, promovéndose a idea xeral de que os/as mozos/as teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permiten dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen e afastar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras.

Deste xeito, a Liña 13.1 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo para os anos 2023 a 2025, ten por obxectivo específico a execución de programas que teñan, entre outras, as finalidades de: “educación e a concienciación, por ser un aspecto fundamental. Coa promoción de accións encamiñadas a que os/as mozos/as do rural adquiran unha maior autoestima, preténdese inverter a idea de que teñen que marchar e escapar do fogar rural familiar. A maior parte da sociedade entendía o rural como un espazo ao que ir na fin de semana que conserva valores tradicionais e naturais moi importantes. Pero por desgraza, a visión actual dos espazos rurais é negativa e problemática, e temos que tender a mudala antes que sexa demasiado tarde. Programas de visitas guiadas dende os centros escolares ata as granxas permitirán dignificar e poñer en valor o traballo dos/das nosos/as agricultores/as, para que os rapaces poidan coñecer o papel fundamental que teñen para o mantemento da biodiversidade do territorio, da paisaxe e da tradición agraria, como elemento identitario da nosa cultura. Temos que alonxar o estigma social da baixa autoestima que os propios agricultores/as e gandeiros/as lles transmiten ás xeracións vindeiras”.

Polo exposto, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo, ponse en marcha, no ano 2023, a segunda edición do Programa “Da escola á granxa”, para apoiar a organización de actividades e visitas ás granxas e explotacións agropecuarias, e de actividades asociadas ás mesmas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria da provincia de Lugo; e procédese á publicación do texto íntegro das

bases canalizadoras de subvencións e á publicación da súa convocatoria, así como dos anexos para a súa solicitude e xustificación, que serán de uso obrigatorio polos interesados.”

Consideracións legais e técnicas.

I. Normativa aplicable.

Ás subvencións que se outorguen pola Deputación Provincial de Lugo regúlanse, en aplicación do disposto no artigo 3 da súa Ordenanza Xeral de Subvencións, por:

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS).

O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento (en adiante, RLXS).

A Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo -publicada no BOP nº 082, do 13 de abril de 2021- (en adiante, OXS).

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL).

O Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en adiante, TRLRFL).

As Bases de Execución do Orzamento e o réxime de delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión.

O Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo -publicado no BOP nº 202, do 3 de setembro de 2020- (en adiante, RODPL).

As restantes normas de Dereito Administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

II. As Bases reguladoras das subvencións.

Consonte ao artigo 2.1 da LXS:

“Enténdese por subvención, aos efectos desta lei, toda disposición de diñeiro realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas, e que cumpra os seguintes requisitos:



- a) Que a entrega se realice sen contraprestación directa dos beneficiarios.
- b) Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á execución dun proxecto, á realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se estableceran.
- c) Que o proxecto, a acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.”

Tendo encaixe neste concepto de subvención as axudas reguladas nas Bases cuxa aprobación se informa, cómpre ter en conta que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na LXS, tal e como establece o artigo 9.2 da dita Lei.

Estes termos, aos que se refire o citado artigo, son, en primeiro lugar, os previstos no apartado 2 do artigo 17 da mesma LXS, consonte ao cal:

“As bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.”

A estes efectos, a Deputación de Lugo ven de aprobar recentemente a súa nova Ordenanza Xeral de Subvencións (publicada no BOP de Lugo nº 82, do 13 de abril de 2021).

Con todo, ao meu xuízo, o dito artigo 17.2 da LXS non pode ser interpretado de xeito restritivo, no sentido de que as bases reguladoras das subvencións só poidan adoptar a forma de ordenanza, ben xeral ben específica, e elo polas seguintes razóns:

1) Dada a gran variedade de tipos de subvencións que se outorgan polas entidades locais, derivado da amplitude de actividades e servizos que constitúen a execución das súas competencias, non resulta doado reconducilas todas a unha ordenanza xeral; e o ditado de ordenanzas específicas para cada tipo ou modalidade de subvención pode dar lugar a unha inflación ordenancista.

2) O citado artigo 17.2 da LXS non ten carácter básico, en virtude do establecido na disposición final primeira da dita lei; e a Comunidade Autónoma de Galicia ten asumidas competencias en materia de réxime local.

Por elo, a redacción do devandito artigo 17.2 da LXS terá que poñerse en relación co establecido no artigo 14.1 da LSG, que establece que “os órganos concedintes establecerán con carácter previo á disposición dos créditos as bases reguladoras aplicables á concesión”.

Á mesma conclusión se chega da lectura do artigo 20.2.a) da LSG, consonte ao cal a convocatoria dos procedementos de concesión de subvencións conterá, entre outras, “indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que estea publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria”.

En definitiva, a especificidade das subvencións a outorgar en execución do Programa “Da escola á granxa” esixe a aprobación dunhas bases reguladoras específicas para aquelas, e que, sen forma de ordenanza, desenvolvan a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo, detallando as súas particularidades.

Por outra banda, da conxunción do disposto nos citados artigos 17.2 da LXS e 14.1 da LSG, podemos concluír que as bases reguladoras aplicables á concesión conterán, como mínimo, os seguintes extremos:

- a) Definición precisa do obxecto da subvención.
- b) Requisitos que deberán reunir os beneficiarios para a obtención da subvención e, no seu caso, dos membros das entidades contempladas no apartado 2 e segundo parágrafo do apartado 3 do artigo 8, prazo e forma de acreditarlos e prazo e forma nos que deben presentarse as solicitudes.
- c) Criterios obxectivos de adxudicación da subvención e, no seu caso, ponderación dos mesmos.
- d) Contía individualizada da subvención ou criterios para a súa determinación.
- e) Procedemento de concesión da subvención.
- f) Órganos competentes para a ordenación, instrución e resolución do procedemento de concesión e prazo no que será notificada a resolución.



g) Composición, no seu caso, do órgano colexiado avaliador previsto no artigo 21 da presente lei.

h) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ou a axuda pública e da aplicación dos fondos percibidos.

i) No suposto de prever a posibilidade de realizar abonos a conta e anticipados, prazos, modo de pago e réxime particular de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios, así como aquelas outras medidas de garantía a favor dos intereses públicos que poidan considerarse precisas.

j) Obriga de reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

k) Obriga do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

l) No seu caso, condicións de solvencia e eficacia que teñan que reunir as entidades colaboradoras.

m) Circunstancias que, como consecuencia da alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderán dar lugar á modificación da resolución.

n) Criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións. Estes criterios resultarán de aplicación para determinar a cantidade que finalmente haxa de percibir o beneficiario ou, no seu caso, o importe a reintegrar, e deberán responder ao principio de proporcionalidade.

o) Información aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións e dos extremos previstos no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Así mesmo, deberán contemplar a posibilidade de que os interesados fagan constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando conorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da presente lei.

p) Expresión dos recursos que procedan contra a resolución da concesión, con indicación do órgano administrativo ou xudicial ante o que teñan que presentarse, prazo para interpoñelos e demais requisitos esixidos pola normativa xeral de aplicación.

q) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As Bases obxecto deste informe integran estes extremos, cumprindo, polo tanto, os requisitos legalmente esixidos.

Con todo, é criterio desta entidade o de denominar ás normas reguladoras das subvencións Bases canalizadoras, polo que as Bases que aquí se informan correspóndense con esa denominación.

III. Procedemento de concesión.

Consonte ao artigo 19.2 da LSG, “as bases reguladoras poderán excepciónar do requisito de establecer unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario coas garantías previstas no artigo 31.4 da presente lei”.

Sendo que a concesión das subvencións realizarase atendendo á orde de presentación das solicitudes, atendendo ao cumprimento dos requisitos previstos nas Bases 4 e 7, ao abeiro do citado artigo, o procedemento de concesión das subvencións que aquí se informa tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

IV. Convocatoria das subvencións.

En relación coa convocatoria das subvencións, o carácter non básico do Capítulo II do Título I da LXS obriga a ter en conta o establecido no artigo 20 e seguintes da LSG. Consonte ao primeiro:

1. O procedemento para a concesión de subvencións iníciase de oficio, no caso da concesión en réxime de concorrencia competitiva, (...).

2. A iniciación de oficio realizarase sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido neste capítulo e de acordo cos principios da Lei 30/1992, do 26 de



novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e terá necesariamente o seguinte contido:

a) Indicación da disposición que estableza, no seu caso, as bases reguladoras e do diario oficial en que está publicada, salvo que en atención á súa especificidade estas se inclúan na propia convocatoria.

b) Créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles ou, no seu defecto, contía estimada das subvencións.

c) Obxecto, condicións e finalidade da concesión da subvención.

d) Expresión do réxime en que se efectuará a concesión.

e) Requisitos para solicitar a subvención e forma de acreditarlos.

f) Indicación dos órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento.

g) Prazo de presentación de solicitudes, ás que serán de aplicación as previsións contidas no apartado 3 deste artigo.

h) Prazo de resolución e notificación.

i) Documentos e informacións que deben achegarse á petición.

j) No seu caso, posibilidade de reformulación de solicitudes de conformidade co disposto no artigo 25 da presente lei.

k) Indicación de se a resolución pon fin á vía administrativa e, en caso contrario, órgano ante o que se interpoñerá recurso de alzada.

l) Criterios de valoración das solicitudes, no seu caso. Avaliarase, en todo caso, o emprego da lingua galega na realización das actividades ou conductas para as que se solicita a axuda.

m) Prazo de xustificación da subvención.

n) Medio de notificación ou publicación, de conformidade co previsto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As solicitudes dos interesados acompañarán os documentos e informacións determinados na norma ou convocatoria, (...).

(...).

5. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o órgano competente requirirá ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez

días, indicándolle que se non o fixera teráselle por desistido da súa solicitude, previa resolución (...).

No caso que nos ocupa, a convocatoria cumpre estas esixencias, matizando que non se prevé a reformulación de solicitudes posto que os eventuais remanentes distribuiranse de conformidade cos criterios establecidos nas propias bases reguladoras das subvencións.

V. Requisitos para o outorgamento das subvencións.

Adicionalmente, consonte aos artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG, o outorgamento dunha subvención debe cumprir os seguintes requisitos:

“a) A competencia do órgano administrativo concedinte.

b) A existencia de crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas de contido económico que se derivan da concesión da subvención.

c) A tramitación do procedemento de concesión de acordo coas normas que resulten de aplicación.

d) A fiscalización previa dos actos de contido económico, no termos previstos no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

e) A aprobación do gasto polo órgano competente.

Neste senso, a Base 24^a.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación para o exercicio 2023 establece que “o órgano competente para aprobar as bases da convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.”

No expediente consta certificación, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención, de existencia de saldo suficiente, nas correspondentes aplicacións orzamentarias, para a autorización dos gastos que se deriven da resolución do procedemento de concesión das subvencións.



En canto á tramitación do procedemento de concesión, resulta de aplicación o establecido no Capítulo II do Título I da LSG, e na Sección 1ª do Capítulo III da OXS, cuxa regulación se cumpre plenamente na convocatoria e bases obxecto deste informe.

VI. Competencia da Deputación para a convocatoria das subvencións.

En canto á competencia da Deputación de Lugo que lexitima a convocatoria destas subvencións, cómpre ter en conta o establecido no artigo 36.1 da LRBRL, consonte ao cal:

Son competencias propias da Deputación ou entidade equivalente as que lle atribúan neste concepto as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública e, en todo caso, as seguintes:

(...).

d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

A propia Constitución, no seu artigo 130, fai referencia ao problema que se trata de liquidar a través desta convocatoria de subvencións, ao establecer que “os poderes públicos atenderán á modernización e desenvolvemento de todos os sectores económicos e, en particular, da agricultura, da gandería, da pesca e da artesanía, a fin de equipar o nivel de vida de todos os españois.”

Pola súa banda, en relación coa lexislación sectorial que atribúe competencias ás entidades locais, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, establece, no seu artigo 2.1, como obxectivos xerais da mesma, entre outros:

a) Manter e ampliar a base económica do medio rural mediante a preservación de actividades competitivas e multifuncionais, e a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades compatibles cun desenvolvemento sostible.

(...).

c) Conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que permitan a súa utilización compatible co desenvolvemento sostible.

VII. Órgano competente para a aprobación da convocatoria e das Bases canalizadoras das subvencións.

Consonte á Base 24ª.4 das de Execución do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, o órgano competente para aprobar as bases de convocatoria pública, así como os criterios e baremos para a súa adxudicación, é a Xunta de Goberno, a proposta do Delegado correspondente.

VIII. Xustificación das contías das axudas reguladas nas Bases e na convocatoria que se informa.

A Base 5 das reguladoras das subvencións refírese ás contías das subvencións e á súa compatibilidade con outras axudas.

No que á xustificación das súas contías se refire, cómpre ter en conta que o orzamento dispoñible para a execución do Programa “Da escola á granxa” é limitado e, en certo xeito, escaso. Por elo, e sen prexuízo de que a concesión das subvencións se realizará tendo en conta a orde de presentación das solicitudes ata esgotar o crédito dispoñible, dende a Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade preténdese que a lo menos unha ANPA de cada municipio da provincia poida acceder ás axudas.

Sendo que a Provincia está integrada por 67 municipios, divídese o orzamento total dispoñible (40.000 €) entre o número de municipios, obténdose a cifra de 1.194,03 €. En consecuencia, establécese a contía máxima das subvencións en 900 € para propiciar as condicións que aseguren o acceso ás mesmas dun número de ANPAS superior ao de municipios que integran a Provincia.

IX. Xustificación das entidades incluídas no anexo IV das Bases que se informan.



A Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade da Deputación Provincial de Lugo mantén un contacto continuo cos produtores do sector primario provincial, a través das asociacións con maior representación neste ámbito.

Co obxecto de asegurar a maior eficiencia na utilización dos recursos públicos e de acadar con plenitude os obxectivos perseguidos coa posta en marcha do Programa “Da escola á granxa”, realizáronse consultas ás ditas asociacións coa finalidade de coñecer as explotacións e entidades mellor capacitadas para a organización de visitas e/ou o desenvolvemento de obradoiros e xornadas divulgativas, primando, ante todo, a calidade das actividades a realizar.

Tamén se procurou non excluír nin prexudicar ou limitar a ningún centro escolar por razón da súa localización xeográfica no ámbito provincial.

De todo elo derivou unha relación de explotacións e entidades que garanten o cumprimento dos citados obxectivos, e coas que se mantivo un contacto individualizado a efectos de coñecer en profundidade as actividades ofrecidas por cada unha delas e a súa calidade.

En definitiva, escolléronse produtores e entidades de referencia no seu ámbito, así como con experiencia na organización de actividades con escolares, que, ademais, estiveran distribuídos equitativamente por toda a Provincia, de xeito que a distancia ás distintas explotacións non fora impedimento para que ningún centro escolar se acollera ao Programa.

Tamén se procurou dispoñer dunha oferta formativa variada, incluíndo a produtores de distintos ámbitos do sector agrícola e gandeiro, tales como a produción de froitos tropicais, faba de Lourenzá, produtos lácteos, mel, castañas, ovos, gando ovino, vacún, cabalar, cabrún, porcino e aviar.

Asemade, ao obxecto de non excluír nin prexudicar ou limitar aos centros escolares con dificultades para a realización de desprazamentos, engadíronse entidades capacitadas para a realización de obradoiros e/ou xornadas divulgativas nos propios centros escolares, tamén con experiencia no desenvolvemento deste tipo de actuacións.

As ditas explotacións e entidades figuran no anexo IV da convocatoria que se informa.

Por todo o exposto, informo favorablemente:

A aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrência non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da granxa á escola”, na anualidade 2023, dotado con 80.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2023.

A aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

A publicación da citada convocatoria e bases canalizadoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no portal de internet da Deputación de Lugo.

A aprobación do gasto, por importe de 80.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.”

No expediente consta certificación de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto, por contía de 80.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do vixente Orzamento Xeral, emitida pola Sección de Contabilidade e Contas da Unidade de Intervención.

Consta, ademais, informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, do 31 de marzo de 2023, sobre as bases e os modelos de solicitude e xustificación que rexerán a citada convocatoria.

Á vista das actuacións precedentes, a Unidade de Intervención fiscalizou favorablemente o expediente o 31 de marzo de 2023.



Por todo o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobación da convocatoria do procedemento de concesión das subvencións, en réxime de concorrncia non competitiva, para apoiar a organización de visitas, por parte das ANPAS dos centros de educación infantil e primaria provinciais, ás granxas e explotacións agropecuarias da provincia de Lugo, e actividades asociadas ás mesmas, na execución do Programa “Da granxa á escola”, na anualidade 2023, dotado con 80.000 € con cargo ao Orzamento Xeral do ano 2023.

2º.- Aprobación do texto das bases canalizadoras de ditas subvencións, así como os seus modelos de solicitude e xustificación.

3º.- A publicación da citada convocatoria e bases reguladoras das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e portal de internet da Deputación de Lugo.

4º.- A aprobación do gasto, por importe de 80.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.48900 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO, DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE”, DO “PREMIO TURISMO SOSTIBLE” E DOS PREMIOS “...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE” PARA A ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto o Informe do Servizo de Turismo no que pon de manifesto a necesidade de aprobar as bases e proceder á convocatoria dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, “Premio Turismo Sostible” e “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense”.

Vista a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente.

Visto o informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento e da Secretaría Xeral.

Visto o informe de Intervención.

Tendo en conta os antecedentes expostos, a Deputada Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o gasto correspondente á convocatoria dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2023 por un importe de 5.000 euros IVE engadido co seguinte desglose:

Adquisición de diplomas acreditativos e agasallos de carácter simbólico, que na anualidade 2023 serán pezas de artesanía da provincia de Lugo: 2.000€ IVE engadido.

Gastos de organización da entrega dos premios: 3.000 euros IVE engadido.

2º.- Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrencia competitiva, dos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense”, do “Premio Turismo Sostible” e dos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para anualidade 2023.

3º.- Aprobar a publicación da convocatoria e das bases dos premios no Boletín Oficial da Provincia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



15.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA E VEHÍCULOS HISTÓRICOS NA ANUALIDADE 2023.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2023, co fin de promover e difundir o deporte e tendo en conta o peso da disciplina no deporte lucense e o seu importante seguimento social e así mesmo como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva desta competición.

Visto que de acordo co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (Plan Plurianual 2023-2025), Área de Deportes na súa liña 12.1 Deportes (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de vinte de xaneiro de 2023), búscase promover ente outros obxectivos específicos dos recollidos no referido Plan:

4) (...) Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.

5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, aloita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.

6) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.

12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.

13) Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.

14) Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.

17) Á promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.

22) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.

Visto o informe do servizo de Deportes.

Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Visto o informe do Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña e vehículos históricos na anualidade 2023.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de corenta e un mil euros (41.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481 do orzamento da anualidade 2023, segundo se recolle no vixente Plan Estratéxico de Subvencións, dentro da Liña 12.1 Deportes da Área funcional de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

3º.- Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022.

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 29 de xullo de 2022, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm 052 do 5 de marzo de 2022, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
CLUBE DEPORTIVO ATLETISMO CHANTADA	CARREIRA POPULAR "10 KM NO CORAZÓN" (ATLETISMO)	440,00 €

17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DA SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INCOMPATIBILIDADE DUNHA FUNCIONARIA INTERINA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que a traballadora Dona Mónica Fernández Díaz viña prestando servizos como funcionaria interina de vacante dende o día 11 de febreiro de 2019, para a Deputación Provincial de Lugo nunha praza de Auxiliar de Administración Xeral.

Que por Resolución da Presidencia de data 14 de febreiro de 2023 e a solicitude da interesada, autorizouse a Dona Mónica Fernández Díaz, con efectividade do día 15 de febreiro de 2023, licenza para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración Pública para a súa incorporación como funcionaria en prácticas na Xunta de Galicia para a realización do curso selectivo, e no caso de non superar o proceso selectivo e non obter a condición de funcionaria de carreira, logo do remate da licenza solicitada, debería reincorporarse nesta Entidade e permanecer no posto que vén desempeñando.

Que con data de Rexistro de Entrada nesta Entidade o día 21 de marzo de 2023, e número de expediente 2023/PES_03/005417, presenta escrito no que solicita que:

“Despois de superar o curso en prácticas para obter a condición de persoal funcionario de carreira, tamén do Corpo Auxiliar (Grupo C, Subgrupo C2) da Xunta de Galicia, e de tomar posesión no mesmo pasado venres, 17 de marzo de 2023, me sexa concedida a excedencia voluntaria por interese particular (incompatibilidade)”.

Tendo en conta que para a determinación da procedencia da solicitude deberase acudir á normativa aplicable, é dicir, aos artigos 1, 2 e 10 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas; ao artigo 19 do Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado; ao artigo 10, apartados 1.a e 4, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e á Cláusula 4ª da Directiva 1999/70/CE do Consello, de 28 de xuño de 1999, relativa ao Acordo marco da CES, a UNICE e o CEEP sobre o traballo de duración determinada.

Con fundamento no contido do informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, de data 28 de marzo de 2023, que fai referencia á situación administrativa que corresponden declarar, conforme ao disposto na Lei 53/1984 de Incompatibilidades do Persoal ao servizo das Administracións Públicas.



Á vista do que antecede, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

1º.- Cesar definitivamente na situación de servizo activo a Dona Mónica Fernández Díaz, con efectividade do día 16 de marzo de 2023, á vista de que obtivo a condición de persoal funcionario de carreira, no Corpo Auxiliar da Xunta de Galicia e de que tomou posesión no mesmo o día 17 de marzo de 2023.

2º.- Declarar a Dona Mónica Fernández Díaz, con efectos dende a data de toma de posesión, na situación administrativa de excedencia voluntaria por incompatibilidade, derivada da Lei 53/1984, sen que isto supoña reserva do posto de traballo que viña ocupando, nin dereito de ningún tipo de retribucións, nin lle será computable o tempo que permaneza nesta situación aos efectos de promoción, trienios e dereitos pasivos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- CONTA E CUMPRIMENTO DO DECRETO DE DATA 16 DE FEBREIRO DE 2023 DITADO POLO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº2 DE LUGO.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“Vista a Sentenza nº313/2022, de data 16 de febreiro, ditada polo Xulgado de 1ª Instancia nº2 de Lugo no procedemento: Incidente Concursal Común 205/2021 0001 – procedente do Concurso de Acredores 205/2021, promovido pola Administración Concursal da entidade Floricultura Terra Cha, S.L.U., Ayse Lucus SLP fronte á Deputación de Lugo e fronte á concursada Floricultura Terra Cha, SL., cuxo fallo é o seguinte:

“Que, estimando la demanda de incidente concursal promovida por la Administración Concursal de la entidad Floricultura Terra Cha SLU, Ayse Lucus SLP, frente a La Diputación Provincial de Lugo, representada por la Letrada adscrita a la Asesoría Jurídica de dicha entidad Sra. Giménez López, y frente a la concursada Floricultura Terra Chá SL, representada por el Procurador Sr. Corral Álvarez, debo declarar y declaro la resolución del contrato de compromiso de venta suscrito el 1 de abril de 2008, entre la concursada y la Sociedad Urbanística Provincial de Lugo, condenado a la Diputación Provincial de Lugo a abonar a la actora la cantidad de 5.455,17 euros, (restitución de garantías por importe de 3.685,93euros+ el IVA por importe de 1.769,24 euros), más los intereses legales desde la interpelación judicial, incrementados en dos puntos desde la presente resolución.

Con imposición de costas a la demandada Diputación Provincial de Lugo, sin costas en relación a la codemandada Floricultura Terra Cha SLU.”

Visto, aseme, o o Decreto de data 16 de febreiro de 2023, ditado polo mesmo Xulgado en cuxa parte dispositiva se acorda o seguinte:

“Aprobar la tasación de costas practicada en este proceso en fecha 20 de enero, por importe de 524.14, a cuyo pago ha sido condenada la parte demandada”.

Vista a certificación sobre a existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada comunicada polo Servizo de Intervención.

Polo anteriormente exposto á Xunta de Goberno proponse a adopción do seguinte acordo:

Propoñer o pagamento da cantidade de 524,14 euros en concepto de custas na conta indicada no devandito Decreto de data 16 de febreiro de 2023.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dar conta da resolución da Presidencia pola que por avocación se adxudica a contratación do servizo de dirección facultativa de obra e instalacións da construción do Centro de Atención ás Persoas Maiores de Guitiriz.

Dase conta da resolución da presidencia de 28 de marzo de 2023, pola que por avocación de competencias, se adxudica a contratación do Lote 1, “Dirección de obra, da contratación do servizo de dirección facultativa da obra e instalacións da construción do Centro de Atención ás Persoas Maiores de Guitiriz” e do Lote 2, “Dirección de execución de obra da contratación do servizo de dirección facultativa de obra e instalacións da construción do Centro de Atención ás Persoas Maiores de Guitiriz”, as empresas:

Lote 1. Flinq Ingeniería S.L., con CIF B70497003, dirección de obra, polo importe de 20.605,40 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 4.327,13 €, o que fai un total de 24.932,53€.

Lote 2. Acota Arquitectura, Urbanismo y Construcción, S.L.U., CIF B70570858, dirección de execución de obra, , polo importe de 21.248,21 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 4.462,12 €, o que fai un total de 25.710,33 €. A Xunta de Goberno queda enterada.

20.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.